

# **ANEXO XI\_PEC: PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR**



## **CEIP SERRA VINCICIOS DE GONDOMAR**

## **INTRODUCCIÓN.**

- A. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO.**
- B. CONTRIBUCIÓN DO CENTRO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE. GRADACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE POR CURSOS.**
- C. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**
- D. CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.**
- E. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**
- F. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA E AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS.**
- G. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**
- H. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.**
- I. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN.**
- J. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**
- K. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.**
- L. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS.**
- M. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS).**
- N. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).**
- O. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO.**
- P. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.**
- Q. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES E CONSELLO ESCOLAR.**

## INTRODUCCIÓN.

Enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

A concreción curricular será o marco que establecerá este claustro de profesorado cos criterios e decisións, a partir da análise do contexto do Centro, para orientar o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica para garantir a coherencia na actuación docente. As programacións didácticas incluirán e terán en conta o indicado nesta concreción curricular.

Neste centro, impártense o segundo ciclo de Educación Infantil, de tres cursos e a Educación Primaria que comprende tres ciclos de dous cursos académicos cada un, e organízanse en áreas ou ámbitos que terán un carácter global e integrador, as cales estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado.

Presentamos de seguido a concreción curricular elaborada no Centro a partir do currículo oficial de Educación Infantil e de Primaria da Comunidade Autónoma Galega.

### A. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO.

Todos os obxectivos xerais, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, deben ser acadados no último curso de cada etapa educativa. Con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro, polas súas características, ten un traballo previo realizado e que teñen unha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles:

- O Centro está situado nunha contorna rural, na ladeira do Monte Galiñeiro que ofrece moitas posibilidades de aprendizaxe.
- Dende o curso 2022-23 somos un centro de atención preferente para persoas con pluridiscapacidade, velaí que afondaremos todavía máis na solidariedade, na integración, na aceptación da diferenza, na igualdade, etc.
- Somos un centro que traballa impulsando a normalización efectiva da lingua galega, e que dá importancia ao fomento da lectura a través de múltiples actividades con eixo na biblioteca escolar do centro.
- Somos un centro que ten realizado importantes esforzos na dotación de equipamentos informáticos e a maioría do seu profesorado ten unha boa formación dixital.
- Somos un centro no que a saúde, a alimentación e a hixiene forman parte dos eixos que máis se traballan.
- Somos un centro que dá especial importancia ao coidado da natureza e o seu coñecemento, ao consumo responsable, á cultura da solidariedade, igualdade e paz.

Velaí que o traballo dos obxectivos da Educación Infantil e Primaria vaian encamiñados ao logro, por parte do alumnado, das capacidades que permitan:

#### **EDUCACIÓN INFANTIL:**

- a) **Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.**
- Identificar as partes do corpo en si mesmos e nos iguais.
  - Valorar e respectar as distintas capacidades dos demais.
  - Realizar periodicamente dinámicas de cohesión grupal.
  - Promover o traballo en equipo.

- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.**
- Identificar os cambios que acontece na nosa contorna.
  - Explorar e manipular con elementos naturais.
  - Participar nas conmemoracións habituais da contorna.
  - Promover actividades de relación familia- escola.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.**
- Ser autónomo no seu coidado diario: alimentación, hixiene, control de esfínteres...
  - Recoñecer e coidar as súas pertenzas.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.**
- Promover nas actividades diarias o benestar emocional dos alumnos.
  - Identificar e manifestar as propias emocións.
  - Aprender a xestionar as emocións propias.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.**
- Recoñecer as emocións nos seus iguais.
  - Desenvolver condutas basadas no respecto, na empatía e na igualdade de xénero para resolver problemas da vida cotiá.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.**
- Promover as diferentes linguaxes para expresar ideas, emocións, opinións...
  - Valorar os diferentes sistemas alternativos de comunicación para expresarnos.
  - Gozar coas diferentes actividades artísticas (plástica, música, científica...)
  - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o vocabulario e respectando os diferentes ritmos madurativos.
  - Promover a exposición oral das nosas ideas, traballos, opinións, sentimentos...
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.**
- Emprego dos conceptos básicos matemáticos (número, medida, formas xeométricas...) para a súa aplicación na vida diaria.
  - Expor hipóteses sobre o comportamento de elementos/materiais verificando coa súa manipulación.
  - Realizar proxectos no que se empregue dinámicas e estruturas cooperativas para chegar a conclusións.
  - Explorar as posibilidades expresivas da linguaxe escrita utilizando diferentes materiais.
  - Incluir o movemento como un instrumento de aprendizaxe.
  - Descubrir as posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.**
- Levar a cabo diferentes obradoiros e actividades que fomenten a igualdade.
  - Promover actitudes de respecto na aula empregando o diálogo como primeira opción.
  - Empregar un vocabulario inclusivo e non sexista.

## **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- a) **Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.**
- Amosar, dialogar e facer visibles as normas que facilitan a convivencia no centro.
  - Elaborar xunto co alumnado, as normas específicas de aula, e poñelas en lugar visible dentro da aula.
  - Conmemorar o día dos Dereitos do Neno/a (20 de novembro) desenvolvendo actividades e tarefas que fagan visibles a súa necesidade e a importancia de respetalos.
  - Conmemorar os días da igualdade de xénero: Non violencia (25 de novembro), e da Muller (8 de marzo).
  - Conmemorar o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
  - Fomentar a participación en programas ou plans que promovan a igualdade.
  - Dinamizar os diferentes plans de Centro: Plan de Convivencia, Plan de Igualdade, Plan Xeral de Atención á Diversidade e Plan de Acción Titorial.
  - Visibilizar os dereitos e deberes fundamentais.
- b) **Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.**
- Fomentar o traballo cooperativo mediante o desenvolvemento de dinámicas de cohesión e estruturas de traballo a partir do reparto de cargos que fomenten a responsabilidade individual de cada membro do equipo e a necesidade de colaboración e axuda de todos/as para levar a cabo as tarefas con éxito.
  - Desenvolver técnicas de estudo que favorezan unha maior organización e rendemento do seu traballo.
  - Favorecer o desenvolvemento do pensamento crítico e da iniciativa persoal.
- c) **Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.**
- Desenvolver habilidades para o diálogo: escoita activa, respectar as quendas de palabra, reflexionar sobre o escoitado, dar a nosa opinión e respectar as dos demais...
  - Realizar periodicamente dinámicas de cohesión, establecidas no itinerario de aprendizaxe cooperativa.
  - Realizar actividades de mediación escolar.
- d) **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.**
- Fomentar o respecto aos demais evitando e reaccionando contra situacións de violencia (verbal e física) pedindo axuda.
  - Participar en actividades que promovan a igualdade.
  - Celebrar o día da Non Violencia de xénero, e o día da muller entre outros que teñen que ver coa igualdade e a non discriminación.
  - Recoñecer o enriquecemento que nos proporcionan as diferentes culturas e as propias diferenzas, reflexionando sobre elas e valorándoas de xeito positivo.

- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.**
- Potenciar a expresión oral en lingua galega.
  - Aproveitar a oportunidade que brindan diferentes actividades propostas desde a biblioteca e outros equipos co obxectivo de fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura.
  - Participar nas actividades propostas dende a biblioteca, plan lector, actividades propostas polo EDLG, EACE, concursos e celebracións (Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...).
  - Fomentar o gusto e desfrute pola lectura reservando un tempo no horario para o mesmo (Tempo de ler: dedicar un tempo diario de 20 minutos de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. A organización deste tempo de lectura virá recollido no Proxecto Lector de Centro).
  - Participar na elaboración da revista escolar O XORNALIÑO.
  - Participar no certame literario e de ilustración A XOANIÑA.
  - Desenvolver contacontos en todas as etapas e niveis do centro favorecendo a participación do alumnado e das familias.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.**
- Empregar de forma oral a lingua estranxeira para comunicarse en situacións cotiás de aula.
  - Vencellar os proxectos do centro á lingua estranxeira, aportando un enfoque plurilingüe dos contidos.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.**
- Traballar as habilidades matemáticas de xeito vivencial, manipulativo, e coa súa representación gráfica, para chegar á linguaxe simbólica (Matemáticas manipulativas).
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.**
- Aproveitar os recursos que nos ofrece a nosa rica contorna.
  - Traballar por proxectos e tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá.
  - Traballar en base á Aprendizaxe significativa, participativa e lúdica tomando como punto de partida o que o alumno/a coñece e tendo en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.
  - Fomentar a aprendizaxe por descubrimento.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.**
- Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información: uso da aula virtual e plataforma Edixgal como recursos educativos.
  - Participar en plans e programas relacionados coas TICs.
  - Dinamizar o Plan TICs e o Plan Dixital.
  - Fomentar a reflexión sobre o uso responsable e crítico das novas tecnoloxías.

- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.**
- Experimentar con materiais diversos e darlle novos usos ao material cotiá.
  - Diseñar e participar en diferentes propostas que requiran desenvolver actividades musicais, culturais, plásticas, audiovisuais, etc.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.**
- Fomentar unha alimentación saudable ao través de receitas de aula e das merendas.
  - Fomentar o coñecemento e consumo de produtos locais.
  - Fomentar o aseo despois das sesións de educación física.
  - Utilizar a área de educación física como espazo para traballar o respecto polas diferenzas, a resolución de conflitos e a competitividade.
  - Promover a actividade física como hábito saudable.
  - Concienciar, a través do horto escolar, da importancia das froitas e verduras na nosa alimentación diaria.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.**
- Coñecer os animais da contorna máis próximo ao alumnado, partindo dos seus coñecementos previos, vivencias e da observación directa (se é posible).
  - Ser consciente da importancia doutros seres vivos para o mantemento sostible dos distintos ecosistemas.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.**
- Fomentar o bo desenvolvemento das súas capacidades afectivas a partir da cohesión do grupo (dinámicas de cohesión establecidas no itinerario de aprendizaxe cooperativa).
  - Potenciar a adquisición de recursos e técnicas de autorreflexión, de canalización dos propios sentimentos e os alleos, de resolución de conflitos...
  - Organizar talleres e obradoiros de educación afectiva-sexual.
  - Conmemorar o día dos Dereitos do Neno (20 de novembro) desenvolvendo actividades e tarefas que fagan visibles a súa necesidade e a importancia de respetalos.
  - Conmemorar os días da igualdade de xénero: Non violencia (25 de novembro), e da Muller (8 de marzo).
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.**
- Realizar saídas pola parroquia, Gondomar, Vigo ou outras, facendo fincapé nas normas de educación viaria e actitudes de respecto.
  - Fomentar a adquisición de hábitos de autoprotección para desenvolverse de xeito autónomo e seguro.
  - Desenvolver actividades nas que se poña en práctica o coñecemento das normas viarias.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia poñendo en relevancia ás mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.**

- Festexar o día das Letras Galegas cun festival, con presentación do autor, e actuacións varias (cancións, teatro, etc).
- Elaborar entre todo o centro a revista escolar “O Xornaliño”.
- Celebración do día de Rosalía de Castro.
- Dar a coñecer personaxes importantes da nosa contorna.

## **B. CONTRIBUCIÓN DO CENTRO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

As Competencias Clave son as seguintes:

### **a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).**

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritos, signados ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

### **b) Competencia plurilingüe (CP).**

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, di-mensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

### **c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).**

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñería comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas



necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

**d) Competencia dixital (CD).**

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

**e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).**

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

**f) Competencia cidadá (CC).**

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acon-tecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mun-dial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable expostos na Axenda 2030.

**g) Competencia emprendedora (CE).**

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de va-lor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

**h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).**

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican

de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

### **CONTRIBUCIÓN DO CENTRO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS:**

O Centro contribuirá a adquisición das Competencias Clave da seguinte maneira

<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>CONTRIBUCIÓN DO CENTRO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>
<b>Competencia en comunicación lingüística (CCL)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contacontos e representacións teatralizadas.</li> <li>- Apadriñamentos lectores.</li> <li>- Elaboración da revista escolar “O Xornaliño”</li> <li>- Participación en certames literarios “Concurso de Terror”, “A Xoaniña”, etc.</li> <li>- Exposicións orais sobre a temática anual do centro, ás veces teatralizadas.</li> <li>- Festival do día das letras Galegas, con presentación do autor, e actuacións varias (cancións, teatro, etc)</li> <li>- Itinerario lector por curso</li> <li>- Mochila viaxeira con libro viaxeiro.</li> <li>- Colaboracións puntuais con Espazo Lectura.</li> </ul>
<b>Competencia plurilingüe (CP)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fondos de biblioteca en galego, castelán e inglés.</li> <li>- Enfoque comunicativo da lingua estranxeira.</li> <li>- Fomento do uso da lingua estranxeira en situacións cotiás e rutinas de aula</li> <li>- Traballo plurilingüe dos proxectos de centro empregando a metodoloxía CLIL.</li> </ul>
<b>Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Matemáticas vivenciais e manipulativas na medida do posible: regletas, bloques lóxicos, tangram, xeoplano, outros materiais variados... , para chegar á comprensión necesaria para a representación en papel.</li> <li>- Aprendizaxe por descubrimento: Traballamos partindo dos coñecementos previos, a experiencia e a observación, na medida do posible, aproveitando os recursos que nos ofrece a contorna.</li> </ul>
<b>Competencia dixital (CD)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de tablets, ipads, ordenadores para desenvolver actividades propostas.</li> <li>- Escornabots ou similares.</li> <li>- EDIXGAL no 3º ciclo</li> <li>- Aula Virtual en 1º e 2º ciclo</li> <li>- Blogues en todos os ciclos.</li> <li>- Promovemos charlas para o uso responsable das tecnoloxías dixitais e redes sociais.</li> </ul>
<b>Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprendizaxe cooperativa, con estruturas de traballo cooperativo dinámicas de cohesión de grupos.</li> <li>- Elaboración de Proxectos de aula.</li> <li>- Aprendizaxe por descubrimento.</li> <li>- Autoavaliación.</li> <li>- Rutinas de pensamento.</li> </ul>
<b>Competencia cidadá (CC)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo co alumnado sobre e en igualdade, e non discriminación, e conmemoración do día da non Violencia de xénero, do neno/a, dos dereitos humanos, da Paz, da Muller, do medio ambiente... con actividades relacionadas.</li> <li>- Elaboración conxunta das normas do centro e de aula.</li> </ul>
<b>Competencia emprendedora (CE)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo por proxectos e tarefas integradas.</li> <li>- Traballo cooperativo.</li> </ul>
<b>Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Celebración das distintas datas relacionadas coa nosa identidade cultural (Samain, Entroido, Nadal, Letras Galegas...)</li> <li>- Saídas pola contorna para coñecer as diversas manifestacións culturais preto de nós (petróglifos do Galiñeiro, Igrexa románica de Vincios, Ponte románica de Ramaiosa, Templo Votivo de Panxon, Virxe da Rocha...)</li> <li>- Uso dos recursos locais.</li> </ul>

## GRADACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE POR CURSOS:

A continuación gradaremos mediante descriptores operativos a adquisición das diferentes competencias clave distribuídos por cursos nas dúas etapas educativas con que conta o centro, Educación Infantil e Educación Primaria:

CURSO	<b>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) (descriptores operativos)</b>
<b>6º EP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	CCL6ºEP1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.
	CCL6ºEP2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento.
	CCL6ºEP3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
	CCL6ºEP4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CCL6ºEP5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, detectando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.
<b>5º EP</b>	CCL5ºEP1. Expresa feitos, conceptos, opinións ou sentimentos con claridade e adecuación a diferentes contextos da vida cotiá.
	CCL5ºEP2. Le, comprende e resume distintos tipos de textos adaptados ó seu nivel.
	CCL5ºEP3. Localiza e selecciona información sinxela procedente de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade.
	CCL5ºEP4. Redacta textos sinxelos en diferentes soportes, con limpeza, claridade e orden.
	CCL5ºEP5. Pon en práctica as diferentes formas de comunicación para favorecer a resolución de conflitos, o diálogo e a convivencia e a igualdade.
<b>4º EP</b>	CCL4ºEP1. Expresa pensamentos, opinións e sentimentos de forma oral, escrita, signada e multimodais (debuxos, imaxes, xestos ) de forma sinxela e con claridade, e participa en interaccións comunicativas no contexto escolar, respectando as quendas de palabra e sendo respectuoso cos pensamentos, opinións e sentimentos dos demais.
	CCL4ºEP2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais (debuxos, imaxes, xestos) sinxelos no contexto social e educativo, con acompañamento puntual, participando activamente en contextos cotiáns da escola.
	CCL4ºEP3. Localiza e selecciona, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas fontes, como máximo, avaliando a súa utilidade en función dos obxectivos de lectura, e comunícaa adoptando un punto de vista creativo, e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
	CCL4ºEP4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e crea textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CCL4ºEP5. Emprega as diferentes formas de comunicación (oral, escrita e multimodal) para favorecer o diálogo, a convivencia, a resolución de conflitos, e a igualdade de dereitos rexeitando calquera forma de discriminación.
<b>3º EP</b>	CCL3ºEP1. Expresa pensamentos, opinións e sentimentos de forma oral, escrita, signada e multimodal (debuxos, imaxes, xestos) de forma sinxela e con claridade, e participa en interaccións comunicativas no contexto escolar, respectando as quendas de palabra e sendo respectuoso cos pensamentos, opinións e sentimentos dos demais.
	CCL3ºEP2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais (debuxos, imaxes, xestos) sinxelos no contexto social e educativo, con acompañamento puntual, participando activamente en contextos cotiáns da escola.
	CCL3ºEP3. Localiza e selecciona, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas fontes, como máximo, avaliando a súa utilidade en función dos obxectivos de lectura, e comunícaa adoptando un punto de vista creativo, e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

	CCL3°EP4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; reconece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e crea textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CCL3°EP5. Emprega as diferentes formas de comunicación (oral, escrita e multimodal) para favorecer o diálogo, a convivencia, a resolución de conflitos, e a igualdade de dereitos rexeitando calquera forma de discriminación.
<b>2°EP</b>	CCL2°EP1. Expresa pensamentos, opinións e sentimentos de forma oral, escrita, signada e multimodal (debuxos, imaxes, xestos) con claridade, e participa en interaccións comunicativas no contexto escolar, respectando as quendas de palabra e sendo respectuoso coas opinións e sentimentos dos demais
	CCL2°EP2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais (debuxos, imaxes, xestos) sinxelos no contexto social e educativo, con acompañamento participando activamente en contextos cotiáns da escola.
	CCL2°EP3. Localiza e selecciona, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas fontes, como máximo, avaliando a súa utilidade en función dos obxectivos de lectura, e comunícaa .
	CCL2°EP4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; reconece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e crea textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CCL2°EP5. Emprega máis de unha forma de comunicación (oral, escrita e multimodal) para favorecer o diálogo, a convivencia, a resolución de conflitos, e a igualdade de dereitos rexeitando calquera forma de discriminación.
<b>1°EP</b>	CCL1°EP1. Expresa pensamentos, opinións e sentimentos de forma oral, escrita, signada e multimodal (debuxos, imaxes, xestos) con certa claridade, e participa en interaccións comunicativas no contexto escolar, respetando as quendas de palabra e sendo respectuoso coas opinións e sentimentos dos demais
	CCL1°EP2. Comprende, e/ou interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais (debuxos, imaxes, xestos) sinxelos, no contexto social e educativo, co debido acompañamento participando activamente en contextos cotiáns da escola.
	CCL1°EP3. Localiza e selecciona, co debido acompañamento, información sinxela procedente dun texto dado, avaliando a súa utilidade en función dos obxectivos de lectura, e comunícaa .
	CCL1°EP4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; reconece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e crea textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CCL1°EP5. Emprega algunha forma de comunicación (oral, escrita e multimodal) para favorecer o diálogo, a convivencia, a resolución de conflitos, e a igualdade de dereitos rexeitando calquera forma de discriminación.
<b>EI</b>	CCL6°EI1. Realiza actos comunicativos cos seus iguais e coas persoas adultas.
	CCL6°EI2. Emprega a linguaxe oral para expresar vivencias, emocións e sentimentos.
	CCL6°EI3. Goza dos momentos de lectura compartida de contos, adiviñas, poemas, ladaiñas...

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP) (descriptores operativos)</b>
<b>6°EP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	CP6°EP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo.
	CP6°EP2. A partir das súas experiencias, reconece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
	CP6°EP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
<b>5°EP</b>	CP5°EP1. Emprega unha lingua, ademais da galega e do castelán, para responder a necesidades comunicativas, de maneira adecuada a situacións e contextos cotiáns.
	CP5°EP2. Realiza transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse nos contextos cotiáns.
	CP5°EP3. Reconece e valora, a diversidade lingüística e cultural da súa contorna.
<b>4°EP</b>	CP4°EP1. Usa, polo menos, a lingua galega e a castelá, e de xeito moi sinxelo a lingua inglesa, para responder a necesidades comunicativas sinxelas, de maneira adecuada ao seu desenvolvemento no contexto escolar.
	CP4°EP2. Reconece a diversidade lingüística e, de maneira guiada, realiza transferencias sinxelas entre distintas linguas (galego, castelán e, de xeito moi sinxelo, inglés) para comunicarse nos contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
	CP4°EP3. Respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, recoñecendo e comprendendo o seu

	valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
<b>3ºEP</b>	CP3ºEP1. Usa, polo menos, a lingua galega e a castelá, e de xeito moi sinxelo a lingua inglesa, para responder a necesidades comunicativas sinxelas, de maneira adecuada ao seu desenvolvemento no contexto escolar.
	CP3ºEP2. Recoñece a diversidade lingüística e, de maneira guiada, realiza transferencias sinxelas entre distintas linguas (galego, castelán e, de xeito moi sinxelo, inglés) para comunicarse nos contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
	CP3ºEP3. Respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
<b>2ºEP</b>	CP2ºEP1. Usa, polo menos, a lingua galega e a castelá, e iníciase no uso da lingua inglesa, para responder a necesidades comunicativas sinxelas, de maneira adecuada ao seu desenvolvemento no contexto escolar.
	CP2ºEP2. Recoñece a diversidade lingüística e, de maneira guiada, realiza transferencias sinxelas entre distintas linguas (galego, castelán e, de xeito moi sinxelo, inglés) para comunicarse nos contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
	CP2ºEP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna.
<b>1ºEP</b>	CP1ºEP1. Usa a lingua galega e a castelá, e iníciase no uso da lingua inglesa, para responder a necesidades comunicativas sinxelas, de maneira adecuada ao seu desenvolvemento no contexto escolar.
	CP1ºEP2. Identifica a diversidade lingüística e, de maneira guiada, comeza a realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas (galego, castelán e inglés) para comunicarse nos contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
	CP1ºEP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna.
<b>6ºEI</b>	CP6ºEI1. Aprecia e respecta linguas e culturas distintas a súa propia.
	CP6ºEI2. Emprega unha linguaxe inclusiva e non sexista.

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (STEM) (descriptorios operativos)</b>
<b>6ºEP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	STEM6ºEP1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas.
	STEM6ºEP2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.
	STEM6ºEP3. Realiza, de forma guiada, proxectos, deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir.
	STEM6ºEP4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.
	STEM6ºEP5. Participa en accións fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.
<b>5ºEP</b>	STEM5ºEP1. Le, escribe e ordena, en textos numéricos e da vida cotiá, números.
	STEM5ºEP2. Resolve problemas que impliquen a resolución de, alomenos, dúas operacións.
	STEM5ºEP3. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos.
	STEM5ºEP4. Participa no ámbito escolar, na promoción da saúde e a conservación do medio ambiente, realizando proxectos sinxelos.
<b>4ºEP</b>	STEM4ºEP1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático (secuenciación de pasos, representar o problema con debuxos, prever a solución) en situacións cotiáns e reflexiona sobre a resposta obtida.
	STEM4ºEP2. Utiliza o pensamento científico ( a observación, medición, experimentación e formulación de hipóteses) para entender e explicar, de maneira sinxela, algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.
	STEM4ºEP3. Realiza, de forma guiada, proxectos sinxelos, deseñando, fabricando e avaliando en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos

	<p>que poidan xurdir.</p> <p>STEM4°EP4. Transmite aspectos relevantes dalgúns traballos científicos, matemáticos e tecnolóxicos utilizando a terminoloxía apropiada, en diferentes formatos (debuxos, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma moi sinxela e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.</p> <p>STEM4°EP5. Participa en accións propostas no ámbito escolar para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable.</p>
<b>3°EP</b>	<p>STEM3°EP1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático (secuenciación de pasos, representar o problema con debuxos, prever a solución) en situacións cotiás e reflexiona sobre a resposta obtida.</p> <p>STEM3°EP2. Utiliza o pensamento científico (a observación, medición, experimentación e formulación de hipóteses) para entender e explicar, de maneira sinxela, algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.</p> <p>STEM3°EP3. Realiza, de forma guiada, proxectos sinxelos, deseñando, fabricando e avaliando en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir.</p> <p>STEM3°EP4. Transmite aspectos relevantes dalgúns traballos científicos, matemáticos e tecnolóxicos utilizando a terminoloxía apropiada, en diferentes formatos (debuxos, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma moi sinxela e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.</p> <p>STEM3°EP5. Participa en accións propostas no ámbito escolar para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable.</p>
<b>2°EP</b>	<p>STEM2°EP1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático (atopa os datos, debuxa o problema e prevé unha solución) en situacións cotiás e reflexiona sobre a resposta obtida.</p> <p>STEM2°EP2. Utiliza o pensamento científico (observación, experimentación, formulación de hipótese) de xeito guiado para entender algúns fenómenos do seu arredor.</p> <p>STEM2°EP3. Realiza, de forma guiada, proxectos sinxelos, procurando a participación de todo o grupo e tratando de resolver pacificamente os conflitos que poidan xurdir.</p> <p>STEM2°EP4. Explica de xeito sinxelo o proceso a seguir para realizar un traballo.</p> <p>STEM2°EP5. Participa e valora accións sinxelas propostas no ámbito escolar para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable.</p>
<b>1°EP</b>	<p>STEM1°EP1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático (secuenciación de pasos, representar o problema con debuxos, prever a solución) en situacións cotiás.</p> <p>STEM1°EP2. Utiliza o pensamento científico (observación, medición, experimentación e formulación de hipótese) de xeito guiado para entender algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor.</p> <p>STEM1°EP3. Realiza, de forma guiada, proxectos sinxelos, cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo.</p> <p>STEM1°EP4. Explica de xeito sinxelo o proceso a seguir para realizar un traballo.</p> <p>STEM1°EP5. Participa en accións propostas no ámbito escolar para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable.</p>
<b>6°EI</b>	<p>STEM6°EI1. Adquire destrezas e conceptos básicos lóxico matemáticos: observa, clasifica, constrúe, faise preguntas, proba e comproba... de maneira sinxela.</p> <p>STEM6°EI2. Achégase ao pensamento científico e á realización de experimentos sinxelos a través do xogo e a manipulación.</p> <p>STEM6°EI3. Aмосa curiosidade por descubrir a súa realidade.</p>

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA DIXITAL (CD) (descritores operativos)</b>
<b>6°EP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	<p>CD6°EP1. Realiza procuras guiadas en Internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.</p> <p>CD6°EP2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.</p> <p>CD6°EP3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente, e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.</p>

	CD6°EP4. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o medio ambiente, e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
	CD6°EP5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, solicitando axuda en caso necesario.
<b>5°EP</b>	CD5°EP1. É capaz de usar as TIC para a busca, selección de información e elaboración de traballos en distintos formatos.
	CD5°EP2. Realiza procuras guiadas en Internet facendo uso de estratexias para o tratamento da información.
	CD5°EP3. Crea e integra contidos dixitais en distintos formatos, mediante o uso de diferentes ferramentas.
	CD5°EP4. Participa en actividades e proxectos escolares usando ferramentas ou plataformas virtuais.
<b>4°EP</b>	CD4°EP1. Realiza procuras guiadas en Internet (páxina web do colexio, blogues de aula, e algunhas páxinas propostas) e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) asegurándose de que comprende a información que recolle.
	CD4°EP2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais, de xeito guiado, en distintos formatos (texto, imaxe, audio, vídeo) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais (procesador de textos, cámara- fotos/vídeos) para expresar ideas e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.
	CD4°EP3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas virtuais para comunicarse, traballar cooperativamente, e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.
	CD4°EP4. Coñece os riscos ao usar as tecnoloxías dixitais e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
	CD4°EP5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, robótica educativa- escornabots...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, coa axuda necesaria.
<b>3°EP</b>	CD3°EP1. Realiza procuras guiadas en Internet (páxina web do colexio, blogues de aula, e algunhas páxinas propostas) e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) asegurándose de que comprende a información que recolle.
	CD3°EP2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais, de xeito guiado, en distintos formatos (texto, imaxe, audio, vídeo) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais (procesador de textos, cámara- fotos/vídeos) para expresar ideas e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.
	CD3°EP3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas virtuais para comunicarse, traballar cooperativamente, e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.
	CD3°EP4. Coñece os riscos ao usar as tecnoloxías dixitais e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
	CD3°EP5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, robótica educativa- escornabots...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, coa axuda necesaria.
<b>2°EP</b>	CD2°EP1. Realiza procuras guiadas en Internet (páxina web do colexio, blogues de aula, aula virtual e algunhas páxinas propostas)
	CD2°EP2. Crea ou modifica contidos dixitais en distintos formatos (texto, imaxe,) para expresar ideas e coñecementos.
	CD2°EP3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas virtuais para traballar individual ou cooperativamente, e ampliar contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude responsable ante o seu uso.
	CD2°EP4. Coñece os riscos ao usar as tecnoloxías dixitais e iníciase na adopción de hábitos de uso seguro e saudable e de respecto das devanditas tecnoloxías.
	CD2°EP5. Iníciase no uso de materiais dixitais sinxelos (robótica educativa...) para resolver problemas ou retos propostos de maneira creativa, coa axuda necesaria.
<b>1°EP</b>	CD1°EP1. Identifica los elementos básicos dun ordenador e o seu funcionamento como fonte de información e iníciase na procuras guiadas en Internet (páxina web do colexio, blogues de aula, aula virtual e algunhas páxinas propostas)
	CD1°EP2. Crea ou modifica contidos dixitais moi sinxelos en distintos formatos (texto, imaxe,)
	CD1°EP3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas virtuais para traballar individual ou cooperativamente
	CD1°EP4. Coñece os recursos dixitais como posibilidade de busca de información cunha actitude de respecto e responsabilidade ante o seu uso.

	CD1°EP5. Iníciase de xeito guiado no uso de materiais dixitais sinxelos (robótica educativa...) para resolver problemas ou retos propostos de maneira creativa, coa axuda necesaria.
<b>6°EI</b>	CD6°EI1. Amosa autocontrol ante o uso de ferramentas tecnolóxicas CD6°EI2 Realiza pequenos percorridos empregando a linguaxe computacional
<b>5°EI</b>	CD5°EI1 Coñece o funcionamento de como acender e apagar os diferentes recursos tecnolóxicos.
<b>4°EI</b>	CD4°EI1 Coida as ferramentas tecnolóxicas.

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA) (descritores operativos)</b>
<b>6°EP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	CPSAA6°EP1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos.
	CPSAA6°EP2. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.
	CPSAA6°EP3. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
	CPSAA6°EP4. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados.
	CPSAA6°EP5. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.
<b>5°EP</b>	CPSAA5°EP1. Recoñece e xestiona as súas emocións, empregando estratexias para adaptarse aos cambios
	CPSAA5°EP2. Adopta e recoñece, estilos de vida saudables para o seu benestar físico.
	CPSAA5°EP3. Recoñece e respecta as emocións e ideas das demais persoas, participando nun ambiente de traballo cordial e agradable.
	CPSAA5°EP4. Recoñece e valora o esforzo e dedicación persoal para mellorar a aprendizaxe
	CPSAA5°EP5. Planea obxectivos a curto prazo, usando estratexias de aprendizaxe e participando en procesos de autoavaliación. Recoñece a súas limitacións e busca axuda.
<b>4°EP</b>	CPSAA4°EP1. Recoñece as súas emocións, ideas e comportamentos persoais e intenta xestionar, con axuda, situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios.
	CPSAA4°EP2. Coñece os riscos máis relevantes (sustancias e comportamentos) e os principais activos para a saúde (comida saudable, deporte, descanso), adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e busca apoio ante situacións que considere violentas ou discriminatorias.
	CPSAA4°EP3. Recoñece e respecta as emocións das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
	CPSAA4°EP4. Recoñece o valor do esforzo para a mellora da súa aprendizaxe.
	CPSAA4°EP5. Utiliza estratexias sinxelas de aprendizaxe e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.
<b>3°EP</b>	CPSAA3°EP1. Recoñece as súas emocións, ideas e comportamentos persoais e intenta xestionar, con axuda, situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios.
	CPSAA3°EP2. Coñece os riscos máis relevantes (sustancias e comportamentos) e os principais activos para a saúde (comida saudable, deporte, descanso), adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e busca apoio ante situacións que considere violentas ou discriminatorias.
	CPSAA3°EP3. Recoñece e respecta as emocións das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
	CPSAA3°EP4. Recoñece o valor do esforzo para a mellora da súa aprendizaxe.
	CPSAA3°EP5. Utiliza estratexias sinxelas de aprendizaxe e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.
<b>2°EP</b>	CPSAA2°EP1. Recoñece as súas emocións, ideas e comportamentos persoais e intenta xestionar, con axuda, situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios.
	CPSAA2°EP2 Identifica na súa vida os riscos para a saúde (comida saudable, deporte, descanso), adopta estilos de vida saudables erexeita situacións violentas ou discriminatorias.



	CPSAA2°EP3.Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
	CPSAA2°EP4.Recoñece o valor do esforzo para a mellora da súa aprendizaxe e aplicación. Admite a autocrítica guiada.
	CPSAA2°EP5.Utiliza estratexias de aprendizaxe e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.
<b>1°EP</b>	CPSAA1°EP1..Recoñece as súas emocións, ideas e comportamentos persoais e intenta xestionar, con axuda, situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios.
	CPSAA1°EP2.Identifica comportamentos saudables así como situacións violentas.
	CPSAA1°EP3.Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
	CPSAA1°EP4.Recoñece o valor do esforzo para mellorar a súa aprendizaxe.
	CPSAA1°EP5.Iníciase no uso de estratexias de aprendizaxe no procesos de auto e coevaluación, recoñecendo as súas limitacións de xeito guiado.
<b>6°EI</b>	CPSAA6°EI1. Recoñece e expresa emocións e sentimentos propios.
	CPSAA6°EI2. Identifica emocións e sentimentos nos demais.
	CPSAA6°EI3. Comparte experiencias con outras persoas e coopera con elas.
	CPSAA6°EI4. Desenvolve actitudes de comprensión e empatía.
	CPSAA6°EI5. Resolve conflitos a través do diálogo.
	CPSAA6°EI1. Recoñece e expresa emocións e sentimentos propios.

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA CIDADÁ (CC) (descriptores operativos)</b>
<b>6°EP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	CC6°EP1. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia, e aplicaas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.
	CC6°EP2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade, e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
	CC6°EP3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CC6°EP4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.
<b>5°EP</b>	CC5°EP1. Coñece as principais características da organización social e do relevo da súa contorna, España e Europa
	CC5°EP2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución de problemas, de forma dialogada e respectando os dereitos humanos e da infancia, valorando a diversidade e a igualdade de xénero.
	CC5°EP3. Reflexiona e dialoga sobre os valores e problemas da actualidade, comprendendo a necesidade de respectar as diferentes culturas e crenzas.
	CC5°EP4. Coñece os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos a súa propia identidade e cultura
<b>4°EP</b>	CC4°EP1. Coñece algúns procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia, e aplicaas en calquera contexto.
	CC4°EP2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade, e o logro da igualdade de xénero.
	CC4°EP3. Reflexiona e dialoga de maneira sinxela sobre valores e problemas éticos de actualidade, axeitados a súa idade, comprendendo a necesidade de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CC4°EP4. Recoñece e reflexiona sobre as relacións entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva local.
<b>3°EP</b>	CC3°EP1. Coñece algúns procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia, e aplicaas en calquera contexto.
	CC3°EP2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade, e o logro da igualdade de xénero.

	CC3°EP3. Reflexiona e dialoga de maneira sinxela sobre valores e problemas éticos de actualidade, axeitados a súa idade, comprendendo a necesidade de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CC3°EP4. Recoñece e reflexiona sobre as relacións entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva local.
<b>2°EP</b>	CC2°EP1. Coñece algúns procesos históricos e sociais relativos á súa propia identidade e cultura, do concello e barrio e reflexiona sobre as normas de convivencia, e aplícaa en calquera contexto.
	CC2°EP2. Participa en actividades comunitarias, na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa.
	CC2°EP3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos que vaian xurdindo na aula comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CC2°EP4. Recoñece e reflexiona sobre as relacións entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade local.
<b>1°EP</b>	CC1°EP1. Coñece os elementos sociais básicos da contorna (oficios, transportes, edificios representativos, do barrio)
	CC1°EP2. Participa na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa.
	CC1°EP3. Dialoga sobre valores e problemas éticos que vaian xurdindo na aula comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CC1°EP4. Identifica as relacións entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade local.
<b>6°EI</b>	CC6°EI1. Aprende actitudes baseadas no respecto, igualdade, inclusión cara a resolución pacífica e dialogada de conflitos.
	CC6°EI2. Identifica feitos sociais relativos a si mesmo, á diversidade familiar e cultural.
	CC6°EI3. Adquire un compromiso de coidado cara a fauna e á natureza.
	CC6°EI4. Adquire comportamentos respectuosos consigo mesmo, cos demais e co medio.

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA EMPRENDEDORA (CE) (descriptorios operativos)</b>
<b>6°EP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	CE6°EP1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.
	CE6°EP2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción.
	CE6°EP3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.
<b>5°EP</b>	CE5°EP1. Analiza necesidades e retos propostos, elabora ideas orixinais e creativas, usando métodos cooperativos
	CE5°EP2. Identifica fortalezas e debilidades propias usando estratexias de autoconhecimento, iniciándose no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos.
	CE5°EP3. Propón ideas e solucións, cooperando con outros en equipo, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para emprender
<b>4°EP</b>	CE4°EP1. Analiza necesidades e retos propostos e elabora ideas orixinais e creativas, utilizando métodos cooperativos, para resolver problemas.
	CE4°EP2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos (o que realmente teño e o que podo ter e cómo), aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá.
	CE4°EP3. Propón ideas e solucións orixinais, cooperando con outros en equipo, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora (crear/elaborar algo proposto).
<b>3°EP</b>	CE3°EP1. Analiza necesidades e retos propostos e elabora ideas orixinais e creativas, utilizando métodos cooperativos, para resolver problemas.
	CE3°EP2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos (o que realmente teño e o que podo ter e cómo), aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá.
	CE3°EP3. Propón ideas e solucións orixinais, cooperando con outros en equipo, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora (crear/elaborar algo proposto).

<b>2ºEP</b>	CE2ºEP1. Analiza necesidades e retos sinxelos propostos e elabora ideas orixinais e creativas, utilizando métodos cooperativos, para propoñer solucións que respondan a esas necesidades e resulten axeitadas.
	CE2ºEP2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento, de xeito guiado,
	CE2ºEP3. Iníciase no coñecemento das moedas básicas aplicándoo a situacións e problemas da vida cotiá.
	CE2ºEP4. Propón ideas e solucións orixinais, cooperando con outros en equipo, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora (crear/elaborar algo proposto), considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.
<b>1ºEP</b>	CE1ºEP1. Identifica retos sinxelos propostos e propón alternativas.
	CE1ºEP2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento, de xeito guiado.
	CE1ºEP3. Iníciase no coñecemento das moedas básicas aplicándoo a situacións e problemas da vida cotiá.
	CE1ºEP4. Propón ideas e solucións orixinais, cooperando con outros en equipo, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora (crear/elaborar algo proposto).
<b>6ºEI</b>	CE6ºEI1. Ten curiosidade e iniciativa para investigar.
	CE6ºEI2. Utiliza o xogo como instrumento para aumentar o coñecemento e interactuar cos demais chegando a expresar as ideas propias e aceptando as colectivas.
	CE6ºEI3. Emprega o pensamento estratéxico e creativo para resolver problemas.

<b>CURSO</b>	<b>COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS (CCEC) (descriptorios operativos)</b>
<b>6ºEP</b> (Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico)	CCEC6ºEP1. Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
	CCEC6ºEP2. Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.
	CCEC6ºEP3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.
	CCEC6ºEP4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.
<b>5ºEP</b>	CCEC5ºEP1. Recoñece e valora aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, da súa contorna, comprendendo e respectando as diferenzas- entre distintas culturas.
	CCEC5ºEP2. Recoñece as distintas manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do noso patrimonio.
	CCEC5ºEP3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e positiva.
	CCEC5ºEP4. Experimenta de forma creativa en diversos soportes e con distintas técnicas.
<b>4ºEP</b>	CCEC4ºEP1. Recoñece e valora algúns aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico da súa contorna, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
	CCEC4ºEP2. Recoñece algunhas manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio local.
	CCEC4ºEP3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes (debuxo, música, danza, plástica)
	CCEC4ºEP4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes (dixitais e manuais), e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.
<b>3ºEP</b>	CCEC3ºEP1. Recoñece e valora algúns aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, da súa contorna, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
	CCEC3ºEP2. Recoñece algunhas manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio local.
	CCEC3ºEP3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais (debuxo, música, danza, plástica).
	CCEC3ºEP4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes (dixitais e manuais), e diversas técnicas plásticas (visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais) para elaborar propostas artísticas e culturais.
<b>2ºEP</b>	CCEC2ºEP1. Recoñece e valora algúns aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, da súa contorna (barrio, parroquia e concello) vendo algunhas diferenzas con outras culturas e a necesidade de respectalas.
	CCEC2ºEP2. Recoñece algunhas manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio local (barrio, parroquia, concello)
	CCEC2ºEP3. Expresa ideas e emocións cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais (debuxo, música, danza, plástica).
	CCEC2ºEP4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes (dixitais e manuais), e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas.

<b>1ºEP</b>	CCEC1ºEP1.Recoñece algúns aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, da súa contorna (barrio e parroquia).
	CCEC1ºEP2.Recoñece algunha manifestación artística e cultural máis destacadas do patrimonio local (barrio, parroquia)
	CCEC1ºEP3.Expresa ideas e emocións cunha actitude aberta e inclusiva, empregando algunha linguaxe artística e cultural (debuxo, música, danza, plástica).
	CCEC1ºEP4.Experimenta de forma creativa con algún medio e soporte (dixitais ou manuais), e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas.
<b>6ºEI</b>	CCEC6ºEI1. Expresa creativamente ideas, sentimentos e emocións a través de distintas linguaxes e formas artísticas.
	CCEC6ºEI2. Valora a diversidade cultural e desenvolve o sentido de pertenza ao grupo.
	CCEC6ºEI3. Participa en diferentes manifestacións culturais e artísticas gozando delas.

### C. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Segundo o Decreto da LOMLOE e sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, os seguintes elementos traballaranse en todas as disciplinas.

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Competencia dixital.
- Fomento da creatividade.
- Fomento do espírito científico.
- Iniciativa e actividade emprendedora
- Valores sociais.

De igual modo, desde todas as áreas promoverase:

- A igualdade entre mulleres e homes.
- A educación para a paz.
- A educación para o consumo responsable.
- O desenvolvemento sustentable.
- A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Así mesmo, prestarase especial atención a:

- A orientación educativa.
- A acción titorial.
- A educación emocional e en valores.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe:

- Da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
- Prevención dos comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

A Consellería de Educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir

de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Polo tanto, educaremos ao noso alumnado nos seguintes valores cívicos, sociais e culturais que sustentan unha sociedade plural e democrática:

- Educación para a IGUALDADE: por motivos de xénero, de discapacidade, social-económica, racial, relixiosa... e no respecto á DIVERSIDADE e ás diferencias individuais, co respecto á expresión da propia personalidade.
- Educación para a PAZ: Promoverá a resolución pacífica de conflitos, violencia de xénero, racismo, xenofobia, e inculcará os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos e rexeitamento da violencia terrorista e o respecto polo estado de dereito.
- Educación AMBIENTAL para un desenvolvemento sustentable: Respecto polo medio ambiente, educación para o CONSUMO responsable, unha correcta xestión de residuos (os 3R), así como o respecto aos seres vivos e aos ecosistemas nos que se desenvolvan, especialmente os do centro e a contorna.
- Educación para a SAÚDE: prevención de abuso das TICs, ludopatías, alimentación, actividade física, educación para o consumo, educación afectivo-sexual, educación viaria...
- O uso das TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN, a través do seu uso como recurso.
- Iniciativa e actividade EMPRENDEDORA: o espírito crítico e emprendedor traballaránse por medio dos proxectos, grupos de traballo cooperativo e a participación en programas.

Para todo o Centro terase en conta, respecto do tratamento transversal da educación en valores, que en todas as materias:

- Traballarase con enfoque de xénero, tendo en conta unha linguaxe non sexista, un uso da imaxe non estereotipada, un equilibrio no protagonismo, a presentación de modelos alternativos e a inclusión de personaxes femininas importantes na historia, a ciencia, a matemática, a técnica,... Realizaranse accións positivas cara á igualdade con exemplos e con temáticas que permitan reflexionar sobre a discriminación, o maltrato de xénero, ...
- Incidirase na resolución pacífica de conflitos, as normas sociais e o traballo adecuado en equipo, traballarase a prevención do acoso e a violencia, a autonomía, o respecto ás demais persoas,... Incidirase nos valores que sustentan unha cidadanía responsable.
- Reflexionarase sobre o coidado do medio, a necesidade da reciclaxe, o consumo responsable...
- Incidiremos na educación para a saúde (hixiene postural, alimentación, TICs ...)
- Uso das TICs como recurso de ensino- aprendizaxe (canón de vídeo, Encerado dixital interactivo, cámara de fotos, gravadora, internet, visionado de reportaxes, curtas, escornabots ...)
- Fomentarase a responsabilidade e o esforzo individual, a confianza en si mesmo, o espírito crítico, iniciativa e a creatividade, mediante proxectos, traballo cooperativo e tarefas integradas.

Valores e temas transversais deberán terse en conta en toda a actividade educativa, na organización da aula, na selección de materiais e recursos, no agrupamento do alumnado na aula, na selección de actividades e tarefas, nas estratexias a desenvolver.

Ademais de traballalos en toda a actividade educativa, algúns proxectos, unidades ou tarefas son susceptibles dun tratamento máis en profundidade dalgúns valores ou temas transversais, nas programacións de nivel e aula así se reflectirán.

Durante o curso escolar celebraranse como mínimo as conmemoracións ou actividades que a continuación se consignan, coa finalidade de contemplar nelas aspectos relacionados coa non violencia, o coidado, a saúde, os valores democráticos,...

TEMPORALIZACIÓN	CONMEMORACIÓN / ACTIVIDADE	COMO SE TRABALLA?
OUTUBRO	<i>Día das Bibliotecas Escolares.</i>	Deseñaranse no centro actividades, unidades didácticas, proxectos e materiais para cada temática, de xeito coordinado polos diferentes equipos (EDLG, EACE, EDBE, DO...), de forma que esas propostas se introduzan nas programacións de aula.  Todas estas actividades rematan habitualmente cunha actividade conxunta de todo o centro (libro, mural, presentación, desfile, canción, actuación, entrada no blogue, web...)
NOVEMBRO	<i>Día Universal da Infancia. Día Internacional contra a Violencia de Xénero.</i>	
DECEMBRO	<i>Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Día dos Dereitos humanos. Constitución, Estatuto de autonomía. Concurso Postais de Nadal. Festival de Nadal. Exposición trimestral temática anual.</i>	
XANEIRO	<i>Día da non Violencia e da Paz.</i>	
FEBREIRO	<i>Día de Rosalía de Castro. Festival de Entroido.</i>	
MARZO	<i>Día Internacional da Muller. Día dos Dereitos do Consumidor. Semana da Prensa. Día Internacional da Poesía. Exposición trimestral temática anual.</i>	
ABRIL	<i>Día do Libro. Día Mundial da Saúde.</i>	
MAIO	<i>Día de Europa. Semana das Letras Galegas e Festival.</i>	
XUÑO	<i>Día Mundial do Medio Ambiente. Exposición trimestral temática anual.</i>	

#### **D. CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.**

##### MODELO EDUCATIVO E METODOLÓXICO DO CENTRO:

Dado que o PEC é o instrumento que recolle e comunica unha proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa que se desenvolven no centro, cómpre concretar que tipo de tratamento imos adoptar respecto das opcións metodolóxicas da práctica educativa, así como os criterios que teremos en conta para avaliar os procesos e os resultados da nosa intervención pedagóxica.

No proxecto educativo do noso centro, propoñemos un modelo de escola **aberto ao cambio e cun currículo flexible**:

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave na que o **alumno/a** será o **protagonista da acción educativa**. O papel do profesor/a debe ser unha mestura entre guía e mediador, que fomente tanto o traballo individual coma en grupo.
- Procuraremos un ensino **globalizado**, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.
- Partiremos do convencemento de que toda **aprendizaxe** debe ser **significativa**, só a comprensión da realidade permite valorala e tomar opcións ante ela.
- Os procesos de ensino-aprendizaxe deberán conectar coas **necesidades de cada neno/a**, a experiencia e a vida cotiá do alumnado.
- Fomentaremos a aprendizaxe mediante a busca, e dicir, o alumnado deberá **buscar solucións a situacións problemáticas**, sendo importante o traballo do **método científico no pensamento**, de forma que ante unha situación sexan capaces de, analízala, facer hipóteses e aplicar os seus coñecementos para resolvela e valorar a resolución da mesma.
- Intentaremos desenvolver metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa **resolución de problemas en contextos da vida real**.
- Promoveremos unha **aprendizaxe funcional**, na medida que sexan quen de transferilas e, polo tanto, ser quen de utilizar o aprendido noutras situacións novas.
- O alumnado deberá ter unha actitude favorable para aprender, estar motivado, de aí que deberemos espertar o seu interese e curiosidade, partindo de **aprendizaxes vivenciais e manipulativas para pasar despois á fase gráfica e simbólica**.
- **Aprendizaxe cooperativa**: queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a resolución de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación, así como, dar unha resposta aos distintos niveis de aprendizaxe de cada neno/a, adaptando a ensinanza ás necesidades e ritmos de cada quen, favorecendo a capacidade de **aprender por si mesmo** e promovendo o **traballo colaborativo**, en equipo e a atención personalizada en función das necesidades individuais do alumnado.
- O centro aposta polo **traballo en equipo** do alumnado e do profesorado e a coordinación interna dos seus membros co fin de coordinar as aprendizaxes e contidos cos doutros niveis educativos.
- Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no **diálogo e a reflexión**. Neste senso consideramos preciso que o alumnado adquira unhas habilidades sociais básicas e que aprenda a resolver problemas interpersoais partindo do diálogo e a **empatía**, poñéndose no sitio dos demais para valorar as diferentes situacións. A **aprendizaxe cooperativa** facilita que o alumnado aprenda a escoitar e a respectar as ideas dos demais, así como a intercambiar opinións de xeito respectuoso.
- Favoreceremos o **traballo por proxectos**, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Por ese

motivo, consideramos preciso **superar o traballo baseado nos libros de texto, empregándoos como un recurso máis** para a procura de información, aproveitando, en todo momento, o fondo documental e recursos creativos da biblioteca escolar para o desenvolvemento dos diferentes proxectos.

- Atenderase as **intelixencias múltiples do alumno/a** (intelixencia viso - espacial, lingüística, kinestésica - corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersonal, intrapersonal e musical), traballándoas dun xeito integrado.
- **Aprendizaxe lúdico**: intentaremos deseñar actividades variadas e cun gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.
- Pretendemos adaptar o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares e os espazos, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado. Co obxectivo de **atender á diversidade** do alumnado poranse en marcha medidas tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe: apoio no grupo ordinario, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.
- Flexibilizaremos tamén a temporalización das unidades didácticas, proxectos, tarefas para adaptar a aprendizaxe aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Concibiremos a **biblioteca escolar** como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que serva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos impulso á súa función como axente de compensación social, e por este motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario escolar.
- O centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os **recursos TIC** (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. O emprego da robótica, os ordenadores e as tablets dentro das nosas aulas, axúdanos a afondar nos diferentes proxectos iniciando a alfabetización dixital dos alumnos/as nun entorno seguro e controlado, adaptándonos a realidade na que vivimos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala. As TIC serán consideradas como pezas fundamentais para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo de mellora da calidade educativa.
- Apostamos, tamén, por unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as **saídas ao contorno e as saídas culturais** que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (país, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.
- Trataremos a **interdisciplinabilidade** no desenvolvemento dos **eixos transversais** da educación (Paz, Igualdade de oportunidades, Saúde, Vial, Ambiental, Consumo, Sexual, Moral, Cívica e do Tempo de Lecer).
- Os contidos estarán extraídos do Currículo de Infantil e Primaria e axeitados á **realidade do Centro** a través das diferentes programacións didácticas.
- Mediante a acción educativa buscarase un equilibrio entre os procesos educativos individualizadores e os socializadores. A escola asume como unha das súas prioridades a educación nos valores de paz e tolerancia. Nos alumnos/as irase formando unha actitude participativa, interactiva, colaboradora, tolerante e solidaria.
- Procurarase que vaian construíndo unha convivencia positiva e respectuosa con todos os grupos étnicos e culturais, empezando por valorar e estimar a propia herdanza cultural que, como pobo, recibimos dos nosos antepasados. Cómpre que os alumnos/as



se fagan conscientes de que serán eles/as, co seu esforzo, afán de superación, traballo persoal e colectivo, os/as que contribuirán a manter e incrementar os propios valores culturais, a desterrar a violencia das súas vidas, respectando os dereitos das persoas e sendo solidarios/as con todos/as.


A avaliación deberá ser un elemento substancial do proceso educativo, presente en todas as fases do mesmo e será diversa en canto a técnicas e instrumentos: rexistro de actividades, observación sistemática, interpretación obxectiva das probas realizadas, enquisas, etc.

Ademais da adquisición das competencias clave no alumnado, serán obxecto de avaliación: este PEC que se revisará periodicamente e calquera proxecto ou programa educativo que se estea a implementar no centro, xa que os concibimos como instrumentos dinámicos susceptibles de reaxustes, moitos deles avaliaranse anualmente a través dos plans de mellora.

Será tamén avaliabile a nosa actuación como educadores/as, o funcionamento do propio centro e o de todos os organismos que, dalgún xeito, están en relación con el, para procurar entre todos e todas a optimización do proceso educativo.

### DECISIONS METODOLÓXICAS: APRENDIZAXE COOPERATIVA E APRENDIZAXE POR TAREFAS INTEGRADAS E/OU PROXECTOS:

- Este Centro inicia un cambio metodolóxico no **curso 2017-18** e os docentes deciden, en sesión extraordinaria de Claustro de Profesores do 15 de maio de 2018, **non utilizar libros de texto a partir do curso 2018-19 en ningún curso.**
- Os alumnos/as serán os/as encargados/as de buscar a información, **traballando por tarefas integradas e/ou proxectos** e desenvolvendo nas aulas, sobre todo, **técnicas de aprendizaxe cooperativo** para unha mellor adquisición das competencias clave, sendo a distribución do alumnado. O deseño das tarefas integradas de aprendizaxe deben implicar unha repercusión social.
- Coa aprendizaxe cooperativa buscamos **atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.**



- A **distribución do alumnado** dentro das aulas terá un formato con estruturas de grupos cooperativos. Este tipo de organización ou distribución cremos que resulta verdadeiramente efectiva para traballar a axuda mutua entre compañeiros/as e fomentar así a inclusión de todos os alumnos/as dun mesmo grupo-clase. Ensinar a traballar aos alumnos/as en grupo, en equipo, supoñerá un profundo cambio no que se refire á súa aprendizaxe.
- En función da estratexia que vaimos a utilizar, a **organización da aula** será distinta, así faremos talleres, agrupamentos flexibles, traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativa, etc. En función da actividade a realizar, os agrupamentos tamén serán distintos: asembleas, visionado de vídeos, traballo por parellas, para buscar información, creación de textos...E o traballo individual para realizar lecturas, probas orais e escritas, actividades de reforzo etc.

Este cambio metodolóxico descrito lévanos a tomar as seguintes decisións:

- Prescindir dos libros de texto en todos os cursos como base da aprendizaxe, de xeito que os libros son un recurso máis para a busca de información.
- Establecer unha liña de **aprendizaxe cooperativa** desde 4º de educación Infantil ata 6º de Educación Primaria, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se irán ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos **atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva**; por esta razón actuará como **eixo vertebrador** da práctica educativa de todo o centro. Todo isto estará reflectido nun proxecto a desenvolver de Aprendizaxe Cooperativo.
- Planificar sesións de observación entre o profesorado co obxectivo da mellora da calidade educativa.
- Levar a cabo tarefas, obradoiros compartidos, talleres ou outro tipo de actividades entre distintos cursos co obxectivo da mellora da convivencia, da atención á diversidade e da integración das aprendizaxes de modo que axuden a traballar contidos curriculares e as competencias clave.
- Partir da manipulación na aprendizaxe dos conceptos matemáticos.
- Continuar coa revisión dos perfís competencias de modo vertical coa finalidade de darlles coherencia.
- Diseñar e realizar tarefas baseadas nas actividades que se propoñen todos os cursos desde os diferentes equipos de centro.
- En 5ºEP e 6ºEP desenvolverase o programa dixital **E-Dixgal** da Consellería de Educación.
- Realizar os apoios por parte dos mestres especialistas de Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe dentro da aula sempre que sexa posible.
- Xeneralizar nas aulas o uso dos medios tecnolóxicos dos que dispón o centro: aulas virtuais, etc.
- Non tramitaremos axudas para a adquisición de libros de texto nin a participación no fondo solidario, pero si as axudas para material escolar de Educación Primaria.
- Adquisición progresiva de recursos e material necesario por parte do Centro para levar a cabo este cambio metodolóxico.
- Creación dunha Comisión de Aprendizaxe Cooperativo (CAAC) dentro do Claustro de Profesores/as composta por representantes de todos os ciclos co obxectivo de planificar e avaliar a posta en marcha dun Proxecto de Aprendizaxe Cooperativa e levar a cabo as dinámicas e estratexias mínimas para cada nivel, analizando a situación de cada aula e buscar solucións aos posibles problemas que poidan xurdir.
- Participar en Programas de Formación Permanente do Profesorado, para ir traballando varias liñas relacionadas co cambio metodolóxico:
  - Deseño curricular.
  - Escola inclusiva: aprendizaxe cooperativa.
  - Liña de observación inter pares – intercentros.
  - Etc.

## **E. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Como xa dixemos anteriormente, **o Centro non utiliza libros de texto** segundo acordo do Claustro de Profesores/as do 15 de maio de 2018 para aplicar desde o curso 2018-19. Isto supón que non se tramitarán axudas da Consellería de Educación para a adquisición de libros de texto pero si para material escolar.

En relación aos recursos e materiais dos que dispón o Centro, podemos comentar que aínda que o colexio data do ano 1979, foise remodelando progresivamente e se encontra nun bo estado.

#### INFRAESTRUTURAS:

- 3 aulas de EI, 6 aulas de EP, aulas de inglés, música, relixión, PT con aula sensorial, AL, orientación, biblioteca escolar, biblioteca creativa con radio escolar, taller de cociña, taller de plástica-laboratorio, sala de psicomotricidade-usos múltiples, sala de informática, patio cuberto, sala de profesores/as, local da ANPA, comedor escolar, patios exteriores amplos, zona administrativa e acceso WIFI a internet en todas as aulas.
- Os espazos tamén terán importancia xa que utilizarémolos para usos distintos, por exemplo as paredes da aula para facer murais, expoñer os nosos proxectos, para colgar información importante para os alumnos/as, e os corredores, que utilizaremos para expoñer os traballos realizados polo alumnado durante o curso.
- A utilización de determinadas aulas e o uso de material específico será organizado a principio de cada curso escolar pola xefatura de estudos.
- O Concello de Gondomar atende as necesidades materiais de conservación e mantemento do centro, xeralmente con boa dilixencia.

#### MEDIOS HUMANOS:

- 17 Mestres/as: 4 EI, 5 EP, 1 FI, 1 FF, 1 EM, 1 EF, 1PT, ½ AL (itin.), ½ relixión (itin.), ½ orientador/a (itin.). A maioría con destino definitivo proporcionando moita estabilidade ao Centro.
- 1 coidador/a ANEAE.
- 1 conserxe dependente do Concello de Gondomar.
- ANPA colaboradora co Centro.
- Implicación das familias.
- Entidades que poden colaborar con nós: Comunidade de Montes, Centro Cultural, Escola de Música, Concello, etc.

#### MEDIOS MATERIAIS:

- En xeral o centro está ben dotado en canto a material didáctico, medios audiovisuais, informáticos, fotocopiadora, plastificadora, etc. Precisamos renovar o material mobiliario (mesas, cadeiras, armarios,...), ir renovando paulatinamente os equipos informáticos, encerados dixitais para máis aulas e seguir ampliando a compra de material didáctico e manipulativo.
- Entre outros, contamos cos seguintes medios materiais:
  - Recursos educativos (Internet).
  - Plataformas dixitais e tecnolóxicas: aula virtual, Edixgal, blogues de aula, páxina web, AbalarMóbil, etc.
  - Ordenador do profesorado e aula de polos creativos.
  - Ultraportátiles Edixgal do alumnado (5ºEP e 6ºEP)
  - Tablets de aula/ciclo.
  - Cámaras, webcams, gravadoras de son...
  - Ebooks.
  - Encerados dixitais.
  - Libros de consulta e lectura.

- Cadernos.
- Fichas específicas.
- Xogos didácticos e materiais manipulativos específicos das distintas áreas (regletas, tangram, calculadora, mapas, globo terráqueo, material de plástica, música, psicomotricidade,...).
- Materiais diversos da contorna.
- Ferramentas específicas para manualidades.
- Material de laboratorio e para experimentos.
- Aplicacións e programas educativos varios.
- Material de aula específico elaborado polo titor/a: o profesorado involucrarase na elaboración e no deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

#### DOTACIÓNS ECONÓMICAS:

- As achegas económicas son as establecidas para este tipo de centros pola administración educativa. Ademais o colexio, a través dos diferentes equipos, desenvolve determinados plans e programas con dotación económica para a compra de material.
- O Centro asigna a cada departamento / ciclo unha cantidade anual para a compra de material e recursos para o seu funcionamento.
- En ocasións recíbense subvencións da ANPA ou da Comunidade de Montes destinadas á realización de actividades.

### **F. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS.**

#### AGRUPACIÓN DE ÁREAS EN ÁMBITOS:

O Centro poderá establecer agrupacións de áreas en ámbitos que valorará no seu momento. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de áreas incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

Esta organización curricular debe contribuír, desde a propia estrutura do currículo e desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación primaria.
- b) Motivar o alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe.
- c) Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

No caso de que agrupemos áreas nun ámbito, o nome do ámbito resultante desa agrupación será a concatenación dos nomes das áreas que constitúen o dito ámbito. Exceptúanse desta regra de nomenclatura a agrupación das áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais cuxo nome do ámbito resultante será a área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, e a agrupación das áreas de Educación Plástica e Visual e de Música e Danza cuxo nome do ámbito resultante será a área de Educación Artística. A adopción desta medida realizarase a todos os grupos do nivel.

A constitución destas agrupacións requirirá autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa.



## G. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O centro considera necesario o deseño de actividades complementarias e extraescolares que contribúan a un mellor desenvolvemento do alumnado e a profundar nas aprendizaxes. Establécense como criterios para o seu deseño e selección os seguintes:

- Que os obxectivos das actividades se relacionen cos obxectivos xerais de centro e etapa.
- Que se correspondan cos obxectivos do nivel e dean resposta aos estándares de aprendizaxe contribuíndo ao mellor desenvolvemento dos mesmos.
- Que se integren no conxunto de actividades educativas do nivel.
- Que contribúan a desenvolver as competencias no alumnado.
- Que fomenten o compañeirismo, a coeducación e a inclusión.
- Que permitan atender á diversidade, que teñan en conta as características peculiares do alumnado e que sexan actividades inclusivas e fomenten a igualdade.
- Que sexan avaliábeis por parte das persoas responsables e usuarias ao remate da mesma tendo en conta o cumprimento dos obxectivos, idoneidade, recursos achegados, temporalización,...
- Que se teña en conta o custo da actividade e posibilidade de buscar financiamento.
- A realización ou non da actividade nos cursos anteriores.

Fomentaremos a realización da actividade “*spinning, tonificación, pilates, natación e xogos acuáticos para 5ºEP e 6ºEP*” catalogada como actividade complementaria dentro da área de educación física, sempre que cumpra os seguintes criterios:

- Que sexa totalmente gratuíta para as familias.
- Que non se perda horario lectivo doutras materias.
- Que se teña autorización do Servizo de Inspección.

As actividades estarán planificadas ao inicio de curso nas respectivas programacións docentes e recollidas na PXA para a súa aprobación polo Consello Escolar.

A avaliación das actividades complementarias será realizada polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

- Recollerán as avaliacións das actividades realizadas por cada curso ou ciclo.
- Revisarán as fichas de valoración das citadas actividades e realizarán un seguimento e valoración das actividades que se realicen e que quedarán reflectidas na Memoria Anual do curso.
- Analizarán a opinión dos alumnos/as sobre as actividades realizadas mediante unha enquisa da valoración.

A ANPA organizará as actividades extraescolares, fóra do horario lectivo, en colaboración co equipo directivo. Como criterios para o seu deseño e selección:

- Fomentar a realización de actividades de carácter educativo, cultural e deportivo.
- Aquelas actividades académicas que teñan relación co currículo non se deben desenvolver.

A avaliación das actividades extraescolares será realizada pola ANPA e polo equipo directivo, que realizarán un seguimento permanente e plasmarán na Memoria Anual do curso a valoración das mesmas.

## **H. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.**

No artigo 48 da orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese o seguinte:

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:
  1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.
  2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado tutor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.
  3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.
  4. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo Departamento de Orientación do centro ou por Inspección Educativa, que será arquivado no expediente do alumnado e no Departamento de Orientación.

Debemos ter en conta que hai alumnos que promocionan en 2ºEP, 4ºEP e 6ºEP con materias pendentes, sendo importante realizar un seguemento trimestral mediante un informe individual de reforzo educativo.

Polo tanto, no contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Para o alumnado repetidor, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondente, polo que organizaremos un Plan Específico de Reforzo para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso ou promociona con materias pendentes.

Para a elaboración deste plan teranse en conta as necesidades educativas que motivaron a repetición e as medidas ordinarias e/ou extraordinarias que xa foron empregadas co alumno ou alumna. Diseñaranse as estratexias metodolóxicas que se utilizarán así como os recursos necesarios para o seu desenvolvemento. O Plan revisarase en cada avaliación e faranse os axustes que se consideren necesarios.

Os modelos dos Plans de Reforzo están a disposición do profesorado nas carpetas compartidas co equipo directivo e tamén consta como anexo dentro do Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. A elaboración de ditos plans contará co asesoramento do orientador/a e quedarán arquivados no Departamento de Orientación.

**MODELO PLAN DE REFORZO EDUCATIVO E SEGUIMIENTO:**

# PLAN DE REFORZO EDUCATIVO E SEGUIMIENTO

ALUMNO/A:

CURSO E NIVEL:

CENTRO:



Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso/grupo:		Data nacemento:	
Datos de escolarización anteriores significativos (repeticións, absentismo, cambios de centro, flexibilizacións, escolarización combinada, atención domiciliaria, ...):			

Materias que precisan reforzo educativo e temporalización			
Nome da área	Temporalización		Frecuencia do RE
	Data inicio do RE	Data prevista final RE	

(Repetir o seguinte cadro para cada materia na que se lle imparte reforzo)

<b>Materia con RE</b>		<b>Profesorad o Implicado</b>	▪ ▪
<b>Contidos do RE</b>	▪ ▪ ▪ ▪ ▪		
<b>Tarefas/actividades:</b> ▪ ▪ ▪		<b>Instrumentos de avaliación:</b> ▪	
<b>Metodoloxía empregada:</b> (Traballo individual-parellas-grupos cooperativos-gran grupo,...)		<b>Materiais/recursos:</b>	
<b>Observacións/Aspectos a incidir coa familia</b> (Seguimento da axenda escolar, tarefas extraescolares,...)			

Localidade, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asinado:

## INFORMACIÓN Á FAMILIA DO REFORZO EDUCATIVO

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso/grupo:		Data nacemento:	

**O reforzo educativo**, segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. **Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.**

As medidas de reforzo educativo son elaboradas o profesor/a que imparte a área, materia, ámbito ou módulo en que o alumno/a necesite esa medida.

Resumo do Reforzo Educativo	
<b>Actuacións e medidas</b>	

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_  
Profesor/a,

Recibín.  
Pai/nai /titor legal

Data:

## CONTROL E SEGUIMENTO DO REFORZO EDUCATIVO

Alumno/a:		Curso/grupo:	
-----------	--	--------------	--

REXISTRO DO REFORZO EDUCATIVO					
Data	Materia traballada	Hora	Contidos traballados	Observacións:	Profesorado

**MODELO PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO QUE PERMANECE UN AÑO MÁIS NO MESMO CURSO:**

**PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA  
ALUMNADO QUE PERMANECE UN AÑO  
MÁIS NO MESMO CURSO**

NOME ALUMNO/A:

CENTRO:

NIVEL ACADÉMICO:

CURSO:

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso/grupo:		Data nacemento:	
Datos de escolarización anteriores significativos (repeticións, absentismo, cambios de centro, flexibilizacións, escolarización combinada, atención domiciliaria, ...):			

Motivos da repetición do curso					
<b>Aspectos relevantes que dificultan o aprendizaxe:</b>					
<b>Outros aspectos:</b>	<b>Nunca</b>	<b>Ás veces</b>	<b>Case sempre</b>	<b>Sempre</b>	<b>Observacións</b>
Ten rutinas e hábitos de traballo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Resolve as tarefas utilizando a reflexión.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Necesita actividades dirixidas, pautadas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mostra interese e esforzo ante o traballo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Presenta un nivel de atención adecuado á tarefa que está realizando.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mostra orde nos seus traballos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Pide axuda si o necesita.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Traballa en grupo correctamente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Outros:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

Medidas ordinaria aplicadas no curso anterior	
Adecuación da programación didáctica a nivel metodolóxico	
Reforzo educativo	
Apoio de profesorado con dispoñibilidade	

horaria	
Adaptación de tempos e instrumentos de avaliación	
Outras:	

Actuacións e medidas no curso actual	
<b>Ámbitos a reforzar</b>	Ámbito persoal:
	Ámbito social:
<b>Estratexias metodolóxicas que se utilizarán</b>	
<b>Recursos necesarios</b>	
<b>Medidas ordinarias</b> (reforzo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, desdoblamento grupos, ...)	
<b>Medidas extraordinarias</b> (apoió especialistas de PT, AL,...)	
<b>Actuación Departamento Orientación</b>	
<b>Outras medidas</b>	
<b>Aspectos a incidir na entrevista coa familia</b> (Seguimento da axenda escolar, tarefas extraescolares,...)	
<b>Outros:</b>	

PROFESIONAIS QUE PARTICIPAN NO PLAN ESPECIFICO PARA ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO		
NOME E APELIDOS	FUNCIÓN	SINATURA

## INFORMACIÓN Á FAMILIA DO PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso/grupo:		Data nacemento:	

Segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, **cando un alumno/a permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo**, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Resumo do Plan específico de reforzo para alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso	
<b>Actuacións e medidas</b>	

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Titor/a,

Recibín.

Data:

Pai/nai /titor legal

## I. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN.

A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente. Abarcará todo o proceso de ensino-aprendizaxe coa periódica revisión das diferentes Concrecións Curriculares.

### CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN:

- Normativa de aplicación:
  - DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
  - DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 17.3 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022.
- Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será **continua e global**, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- A avaliación **continua**:
  - Estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e deste xeito, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias claves para continuar o proceso educativo.
  - Terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo, e a avaliación final un carácter sumativo. A avaliación continua debe proporcionar unha información constante que permita mellorar tanto os procesos de ensino e aprendizaxe como os resultados da intervención educativa e a avaliación final debe permitir determinar en que grado foron alcanzados os obxectivos propostos e as correspondentes competencias clave.
  - Terá como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas.
- A avaliación será realizada polo equipo docente de cada grupo de alumnos/as, coordinados polo mestre/a titor/a e contarán co asesoramento do orientador/a do centro.
- A avaliación **global** referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas da etapa.
- Ao comezo de cada curso de Educación Infantil e Primaria, os equipos docentes levarán a cabo unha **avaliación inicial** do alumnado que nos permita axustar o proceso ao diferente nivel dos distintos escolares. Comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:



- **Análise dos informes finais** dos alumnos/as do curso anterior, nos que podemos detectar a situación percibida polo profesorado de cada alumno/a, en concreto, en xuño.
- **Avaliación inicial** do grupo clase e de cada alumno/a en particular: para a detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior. Esta avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado.
  - o A partir da información da finalización do curso anterior e da avaliación inicial, **reforzaranse os elementos curriculares** que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.
  - o Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes en colaboración co departamento de Orientación, elaborarán as **Adaptacións Curriculares Individualizadas, e os plans de reforzo e recuperación** nos casos que sexan necesarios, coa aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.
- **Coñecemento personalizado do alumnado** e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións pertinentes.
- **Instrumentos de Avaliación Inicial:** deberán estar recollidos na programación didáctica anual de cada nivel.

A avaliación inicial completárase coa análise dos datos e informacións recibidas do titor/a do curso anterior. Tentárase incluso que nas avaliacións finais, naqueles cursos que acaben ciclo, asista o titor/a do curso seguinte que acollerá a ese alumnado.

A avaliación inicial permitirá que o equipo docente adopte decisións en relación coa elaboración, revisión e modificación das Programacións didácticas, para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. O equipo docente, analizados os resultados da avaliación inicial, adoptará tamén as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación para aqueles alumnos/as que o precisen. As principais decisións adoptadas serán recollidas na acta da sesión da avaliación inicial do curso.

- Ao final de cada curso o equipo docente levará a cabo a **avaliación final** dos resultados alcanzados polos alumnos/as do grupo. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación coas cualificacións, co grao de adquisición das competencias clave e coas capacidades, tanto positivas como negativas. O equipo docente deberá adoptar as medidas para que o cambio de curso se leve a cabo coas necesarias garantías de continuidade. As principais decisións e acordos adoptados serán recolleitos no acta da sesión da avaliación final de curso.
- Estableceranse **medidas de reforzo** en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- As cualificacións de cada alumno/a serán acordadas de forma consensuada por todo o profesorado que imparta docencia ao alumno/a en cada nivel. Esta cualificación será o resultado de aplicar os perfiles competenciais por parte de cada docente chegando deste xeito, ás reunións de avaliación cunha proposta de cualificación.

#### AVALIACIÓN NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

- Será continua, formativa e global.
- Referentes:

- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e que indica que os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran para cada unha das áreas no anexo II do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.
- Momentos do proceso avaliador:
  - Avaliación Inicial (realízase no momento da incorporación do alumno/a):
    - o Grao de desenvolvemento das competencias clave.
    - o Información das familias.
  - Avaliación Procesual (continúa ao longo do ciclo):
    - o 3 sesións ao longo de cada curso.
    - o Informe individualizado ao final de cada curso.
  - Avaliación Final (ao termo do Ciclo realízase un informe individualizado que debe recoller):
    - o Logros no seu proceso de desenvolvemento.
    - o Adquisición das aprendizaxes.
    - o Aspectos que condicionen o seu proceso educativo.
    - o Medidas de reforzo e adaptación que se tomaron.

#### AVALIACIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Será continua, formativa e global.
- Referentes: os referentes para a valoración de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa para cada área e curso académico serán os:
  - Criterios de avaliación.
- Tipos de avaliación:
  - Externa (avaliación individualizada):
    - o O axente avaliador será a Administración Educativa.
    - o Realízase unha avaliación de diagnóstico en 4º EP, segundo dispoña a Consellería de Educación.
    - o Esta avaliación terá carácter formativo e orientador para o centro e informativo para as familias e comunidade educativa.
    - o Os resultados desta avaliación valorarase na CCP onde, de ser o caso, fixéranse plans de mellora, guías de intervención e/ou outras medidas.
  - Interna (as decisións adoptaranse por consenso do equipo docente que incida sobre o alumno/a primando o criterio do profesor/a titor/a e levarase a cabo da seguinte maneira):
    - o Avaliación Inicial: Ao comezo de cada curso aplicarase unha proba específica. Esta avaliación non é cualificable, é informativa e será tomada como referencia e punto partida. Os alumnos/as de incorporación tardía ao noso sistema educativo, realizarán esta proba no momento da súa incorporación ao centro.
    - o Avaliación dos procesos de aprendizaxe: terá carácter continuo e global con periodicidade trimestral dentro do período lectivo. Os resultados destas sesións de avaliacións valorarase na CCP onde, de ser o caso, fixéranse plans de mellora e/ou outras medidas. Informarase dos resultados aos alumnos/as e aos seus pais/nais ou tutores legais.
    - o Avaliación Final: ao final de cada curso. Valoración dos resultados da avaliación continua do alumno/a ao longo do curso.

## SESIÓNS DE AVALIACIÓN:

- Corresponde ás titorías a coordinación das **sesións de avaliación**, nas que participará o equipo de profesorado que imparte clase ao seu grupo, baixo a presidencia da xefatura de estudos e coa asistencia e asesoramento do departamento de orientación para valorar tanto a aprendizaxe do alumnado en relación co logro das competencias clave e dos obxectivos da etapa, como a información procedente das familias e o desenvolvemento da súa propia práctica docente, e adoptar as medidas pertinentes para a súa mellora.
- **Datas da avaliación:** as sesións serán trimestrais e deberán **celebrarse antes do Nadal, Semana Santa e final de curso**, coincidindo co final de cada trimestre.
- Non é obxectivo destas sesións a relación pormenorizada das cualificacións individuais en cada materia, senón a exposición en grupo dos problemas, dificultades, logros, etc., así como de calquera circunstancia que poida ser **relevante** desde o punto de vista académico, afectivo ou de relacións.
- Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:
  - Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
  - Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
  - Medidas de atención á diversidade aplicadas.
  - Clima de traballo na aula.
  - Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.
  - Etc.
- As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.
- Previamente a estas sesións de avaliación, o profesorado terá feito un **seguimento individualizado** de cada nena/o e comunicado ás partes implicadas as posibles incidencias nas que teñan que intervir a familia, a xefatura de estudos ou o departamento de orientación.
- O equipo docente terá unha **actuación colexiada** na adopción das decisións xerais resultantes de devandito proceso. As decisións que se adopten tomaranse por consenso e no caso de non producirse este, adoptaranse de acordo co criterio do mestre titor/a.
- **Actas de avaliación:** de cada unha das sesións de avaliación levantarase unha acta. O profesorado titor será o responsable de redactala cos acordos adoptados de todo o equipo docente do seu grupo. Nela faranse constar as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e dos seus alumnos/as e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos/as. Deberase facer un seguimento das medidas organizativas e curriculares adoptadas na sesión ou sesións anteriores e decidíranse as novas medidas que se consideren pertinentes. **O modelo de acta de avaliación** de cada curso está a disposición do profesorado nas carpetas compartidas co equipo directivo. Será asinada polo profesorado titor e polo equipo docente que participa na citada avaliación e serán entregadas ao xefe/a de estudos e arquivadas en secretaría para posteriores consultas.
- Finalizada cada unha das sesións de avaliación, **o profesorado titor informará** as nais, os pais ou, de ser o caso, as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado dos resultados deste, da súa evolución académica e das medidas propostas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- **XADE:** o profesorado especialista introducirá as **cualificacións** da súa área na aplicación XADE, correspondéndolle as titorías a introdución das súas materias e a supervisión de todo, así como a constatación das **faltas de asistencia do alumnado**. O profesorado titor terá

permisos suficientes para poder **imprimir os boletíns** de cualificacións co tempo suficiente para entregalos ao seu alumnado. A xefatura de estudos supervisará todo o proceso.

- As actas de avaliación dos diferentes cursos pecharanse no Xade ao termo do período lectivo ordinario, imprimíranse polo equipo directivo, e serán asinadas polo profesorado responsable. Serán consignadas as **capacidades avaliativas** do curso tamén na aplicación Xade polo profesorado titor:
  - o A mosha unha actitude positiva na clase
  - o Coida o material propio e alleo
  - o Cumpre as normas
  - o É autónomo no ámbito escolar
  - o Relaciónase axeitadamente cos demais
  - o Remata as tarefas
- As seguintes **medidas curriculares** e organizativas aplicadas reflectiránse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:
  - o RE: reforzo educativo.
  - o ACS: adaptación curricular.
  - o EC: enriquecemento curricular.
  - o AF: agrupamento flexible.
- Tamén reflectiránse no XADE os resultados das **cualificacións das competencias clave** do alumnado en todos os cursos de educación primaria:
  - o Comunicación lingüística
  - o Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
  - o Competencia dixital
  - o Aprender a aprender
  - o Competencias sociais e cívicas
  - o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
  - o Conciencia e expresións culturais
- No **historial académico** consignaránse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso. O documento orixinal será entregado á familia unha vez rematada a etapa de educación primaria do alumno/a.

#### INFORMES DE AVALIACIÓN:

- Ao finalizar os cursos 2ºEP e 4ºEP, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
- No resto de cursos, 1ºEP, 3ºEP e 5ºEP, o profesorado titor emitirá o mesmo informe para aquel alumno/a que non continúe no centro educativo ou tamén no caso de que haxa un cambio de mestre/a para o seguinte curso escolar.
- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna/o disporá ao finalizar a etapa de educación primaria, en 6ºEP, dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.
- Os **modelos de informes de avaliación** dos respectivos cursos están a disposición do profesorado nas carpetas compartidas co equipo directivo. Serán asinadas polo profesorado titor e arquivadas no expediente do alumnado para posteriores consultas.
- A **Consellería de Educación establecerá as características dos informes finais de ciclo e etapa.**

- **Seguimento e informe do profesorado de apoio especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:** con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao longo de cada curso e ao final do mesmo, os profesores especialistas de PT e de AL e aqueles que realizasen o seguimento dunha medida extraordinaria farán un informe resumo da evolución do alumnado ou programa que estivo a levar ao seu cargo. A este informe terá acceso o profesorado titor e aqueles profesores/as que lle impartan clase ao alumno/a obxecto da medida extraordinaria. O informe quedará arquivado no Departamento de Orientación.

### PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS:

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

Cada equipo docente, ao comezo de cada do curso e nas reunións informativas de inicio de curso, informará ao alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, materias ou ámbitos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción previstos.

As familias poderán solicitar ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe do seu fillo/a, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, **a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.**

No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a, as familias poderán solicitar por escrito (cos modelos que aporta o Centro) a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de 2 días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

De chegar a esta situación, o Centro concertará unha reunión coa familia implicada e na que asistirán o xefe/a de estudos e o orientador/a que guiarán á familia en todo o procedemento de reclamación en base á normativa anterior.

Este será o calendario de aplicación a posibles reclamacións:

TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a dirección ou a xefatura de estudos. Deberán expoñerse os motivos que xustifican esa disconformidade.	<b>Dous días</b> lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	As solicitudes de revisión serán trasladadas ao profesorado responsable da área ou materia e comunicara a circunstancia ao profesorado titor (se non fose este profesorado quen imparte a materia). Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	<b>Primeiro día lectivo seguinte</b> ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión

	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	<b>Dous días</b> lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión á familia reclamante, e á persoa docente titora.	<b>Día lectivo</b> , ou se fose o caso, hábil, <b>seguinte</b>
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo.	<b>Dous días hábiles</b> a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión

#### AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO:

- Atenderase especialmente aos resultados da **avaliación de diagnóstico de 4ºEP**:
  - Os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico a todos os alumnos/as ao finalizar **4ºEP**, segundo dispoña a Consellería de Educación. Na avaliación de diagnóstico avaliaranse a competencia matemática e as competencias en comunicación lingüística en Lingua Galega e Literatura, en Lingua Castelá e Literatura e en Lingua Estranxeira: Francés e Inglés.
  - Os referentes para a valoración do grao de adquisición das devanditas competencias serán os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos para cuarto curso de educación primaria recollidos no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas.
  - Os informes de resultados da avaliación de diagnóstico dos centros educativos son un documento de carácter interno e reservado, só a disposición do Equipo directivo, da Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico no centro, da Comisión de coordinación pedagóxica, do claustro do centro e do Consello escolar.
  - A difusión do informe ou do seu contido, de forma parcial ou total ao público en xeral (páxinas web, redes sociais, prensa ou calquera outro medio) queda totalmente prohibida. Así mesmo, queda prohibido trasladar ás familias do alumnado unha copia, parcial ou total, do informe de resultados do centro. Rematado o proceso de determinación de fortalezas e debilidades competenciais do alumnado e concretadas as medidas de mellora e fortalecemento competencial do alumnado, informarase ás familias sobre eses aspectos ao inicio do próximo curso.
  - Unha análise máis profunda dos resultados da avaliación de diagnóstico no centro, que remate o diagnóstico e tamén orientado á proposta de medidas de mellora, realizarase nunha Comisión de coordinación pedagóxica, ordinaria ou extraordinaria, a comezo do mes de setembro. As súas conclusións e propostas serán trasladadas ao profesorado no claustro de inicio de curso en setembro así como ao Consello escolar na primeira reunión do curso. A

continuación, os titores informarán ás familias dos resultados en termos comparativos co conxunto do alumnado do grupo ISEC de referencia, das debilidades e fortalezas, e das medidas de mellora a implantar neste curso.

- **Será utilizada a seguinte guía de intervención para a mellora dos resultados da Avaliación de Diagnóstico ou outra guía que indique o Servizo de Inspección Educativa:**

1.- Respecto ao currículo:

<b>Competencia en comunicación lingüística:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Flexibilizar a secuencia do programa para que se faga máis práctica.</li> <li>▪ Introducir modelos de traballo e avaliación variados para que o alumnado sexa quen de abordalos con certa seguridade e confianza nas propias posibilidades no momento en que se lles presenten.</li> <li>▪ Fomentar a produción de textos e traballar con eles a comprensión lectora.</li> </ul>
<b>Competencia matemática:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Flexibilizar a secuencia do programa para que se faga máis práctica.</li> <li>▪ Traballar máis en profundidade a xeometría.</li> <li>▪ Relacionar as actividades matemáticas con situación prácticas.</li> <li>▪ Elaboración dun programa de tarefas para o traballo da competencia matemática</li> <li>▪ Introducir dende os primeiros niveis o uso da calculadora.</li> </ul>

2.- Respecto á práctica docente:

<b>Competencia en comunicación lingüística:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolver estratexias que melloren a capacidade de atención.</li> <li>▪ Incrementar as actividades de comprensión oral.</li> <li>▪ Realizar proxectos de traballo para potenciar a interdisciplinabilidade entre o alumnado.</li> <li>▪ Traballar a expresión escrita coa realización de resumos, esquemas, síntese, idea principal, etc.</li> </ul>
<b>Competencia matemática:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Potenciar o uso de material manipulativo co fin de favorecer a comprensión de conceptos.</li> <li>▪ Potenciar a linguaxe e a comprensión matemática; insistindo na verbalización da información e a recollida de datos. Potenciando que saiban en todo momento a que se están a referir.</li> </ul>

3.- Outros factores:

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Concienciar ao alumnado e aos pais e nais que sempre se avalía o conxunto, que a materia e un todo e que os temas están ligados e relacionados para que poidan conectar os coñecementos adquiridos cos novos.</li> <li>▪ Valorar o esforzo persoal.</li> <li>▪ Revisar a forma na que se realizan os deberes e as actividades de comprensión escrita.</li> <li>▪ Realizar unha proba tipo cada trimestre no segundo ciclo.</li> <li>▪ Usar probas tipo na avaliación inicial para sacar información do alumnado.</li> <li>▪ Fomentar o uso das TIC.</li> </ul>
---

## DECISIONS DE PROMOCIÓN:

O alumno/a accederá ou promocionará ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos da etapa ou os que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, **poderá repetir unha soa vez durante a etapa**, cun plan específico de reforzo ou recuperación.

A **repetición** considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para liquidar as dificultades de aprendizaxe do alumno/a. O titor/a deberá acreditar a adopción e realización destas medidas. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, así como o resultado da avaliación final de cada curso e as avaliacións individualizadas. Antes de adoptar a decisión de non promoción, o titor/a oirá aos pais, nais ou tutores legais do alumno/a en cuestión.

Decidirase acerca da promoción dos alumnos/as ao curso seguinte segundo:

1. A consecución dos obxectivos programados e dos mínimos esixidos, concretados nos seus criterios de avaliación de cada unha das áreas de coñecemento en base ao alcance do grao de adquisición das competencias clave.
2. Apreciación global da madurez do alumno/a en habilidades básicas instrumentais.
3. Execución das actividades desenvolvidas na aula con autonomía.
4. Posibilidade de continuar con éxito aprendizaxes posteriores.
5. A repercusión dun cambio de compañeiros/as na súa socialización e autoestima.

No desenvolvemento do proceso deben observarse os seguintes aspectos ao decidir a permanencia un ano máis no mesmo curso dun alumno/a:

- a) A opción de non promoción debe valorarse como un recurso para lograr unha maior solidez nas aprendizaxes mínimas e na adquisición das competencias clave, polo tanto terase en conta o momento evolutivo do alumno/a, a súa situación social e persoal.
- b) Trala sesión de avaliación do 2º trimestre e ante a posibilidade de non promoción dun alumno/a, o titor/a informará á familia sobre este suposto para que poidan intensificar as medidas de colaboración na recuperación das aprendizaxes. Así mesmo estableceranse, si é posible, máis apoios na aula.
- c) Se o alumno/a non acada os mínimos esixibles e presenta dificultades que incidan na aprendizaxe das áreas instrumentais básicas consideraremos que debe permanecer no curso actual.
- d) A permanencia durante un ano máis irá acompañada de medidas educativas complementarias que se reflectirán e achegarán no Informe persoal anual do alumno/a (reforzos educativos, apoios PT, AL, ACIs, etc.).

**PARA A PROMOCIÓN DO ALUMADO SEGUIRASE A NORMATIVA VIXENTE E OS ACORDOS DO CLAUSTRO DE PROFESORES. TERASE EN CONTA AS SEGUINTE SITUACIONES:**

- **A PROMOCIÓN EN 1ºEP, 3ºEP E 5ºEP SERÁ AUTOMÁTICA.**
- **NOS CURSOS DE 2ºEP, 4ºEP E 6ºEP** e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.



- Os **CRITERIOS DE PROMOCIÓN** acordados polo Claustro de Profesores son os seguintes:

<b>COMPETENCIAS CLAVE / GRAO MADUREZ</b>	<b>DECISION DE PROMOCIÓN</b>
ALUMNADO QUE ALCANZOU AS COMPETENCIAS CLAVE E CON ADECUADO GRAO DE MADUREZ	<b>PROMOCIONA AO CURSO OU ETAPA SEGUINTE.</b>
ALUMNADO QUE NON ALCANZOU AS COMPETENCIAS CLAVE, O GRAO DE MADUREZ ADECUADO OU AMBAS, PERO CONSIDÉRASE QUE ESA CIRCUNSTANCIA NON LLE IMPEDIRÁ SEGUIR CON APROVEITAMENTO O NOVO CURSO	<b>PROMOCIONA AO CURSO OU ETAPA SEGUINTE</b>
ALUMNADO QUE NON ALCANZOU AS COMPETENCIAS CLAVE, O ADECUADO GRAO DE MADUREZ OU AMBAS, E CONSIDÉRASE QUE ESA CIRCUNSTANCIA IMPEDIRALLE SEGUIR CON APROVEITAMENTO O NOVO CURSO	<b>NON PROMOCIONA E PERMANECERÁ UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO (SALVO QUE TEÑA QUE PROMOCIONAR POR IMPERATIVO LEGAL).</b>

**- NO SEGUINTE CADRO PODEMOS CONSULTAR AS DIFERENTES DECISIONS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO NAS DIFERENTES ÁREAS:**

<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	<b>CIENCIAS SOCIAIS / CIENCIAS DA NATUREZA / INGLÉS</b>	<b>DECISION DE PROMOCIÓN</b>
Avaliación -	Avaliación -			<b>NON PROMOCIONA</b>
Avaliación -		Avaliación -		<b>NON PROMOCIONA</b>
	Avaliación -	Avaliación -		<b>NON PROMOCIONA</b>
			3 destas áreas con Avaliación -	<b>A CRITERIO DO EQUIPO AVALIADOR</b>
			2 destas áreas con Avaliación -	<b>PROMOCIONA</b>
1 destas áreas con Avaliación -			1 destas áreas con Avaliación -	<b>PROMOCIONA</b>
1 destas áreas con Avaliación -			2 destas áreas con Avaliación -	<b>NON PROMOCIONA</b>
En 4 ou máis áreas				<b>NON PROMOCIONA</b>
* <b>Observacións:</b> Naqueles casos que non estean contemplados claramente en ningún dos apartados anteriores, será o equipo docente, de xeito colexiado, quen decida sobre a promoción, tendo en especial consideración a información e criterio da persoa titora.				

**CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN PARA PROMOCIONAR NOS DIFERENTES CURSOS:**

**A) 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>
1. Progresa na adquisición de hábitos de saúde e benestar.
2. Progresa e adquire habilidades de coordinación motora.
3. Recoñece, acepta e valora a súa propia identidade, as súas posibilidades e limitacións.
4. Mostra autonomía nalgunhas tarefas e interioriza as normas establecidas.

<b>COÑECEMENTO DO CONTORNO CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>
1. Identifica e utiliza os números do 0 ao 9.
2. Recoñece as figuras xeométricas: cadrado, triángulo, rectángulo e círculo.
3. Ten adquiridas as nocións espaciais, temporais e de medida básicas.
4. Distingue e utiliza as cores básicas.

<b>LINGUAXE: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>
1. Expresa pensamentos, ideas, sentimentos e opinións con corrección e concordancia.
2. Representa a figura humana mediante o debuxo, acercándose a representación global das partes do corpo.
3. Realiza distintos tipos de trazo.
4. É capaz de ler e escribir palabras significativas.

**B) 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

<b>ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA E LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (1º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>
1. Recoñece de xeito guiado as linguas empregadas na súa contorna
2. Comprende información xeral e relevante en textos orais moi sinxelos próximos á súa experiencia
3. Aмосa interese por expresarse oralmente nas dúas linguas
4. Participa en interaccións orais cunha secuencia oral coherente
5. Reproduce textos orais sinxelos próximos ao seu gusto, interese
6. Adquire vocabulario a través de experiencias comunicativas
7. Recoñece a relación entre son e grafía
8. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e lecer
9. Le e decodifica textos sinxelos en voz alta e de xeito guiado
10. Elabora con axuda textos escritos e iníciase na segmentación silábica e na separación de palabras
11. Coñece o funcionamento da biblioteca escolar

12. Valora e recrea diversos textos literarios sinxelos		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión escrita.</i>	<b>50%</b>
	<i>Expresión e comprensión oral.</i>	
	<i>Lectura comprensiva.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual (análise do dossier de clase).</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude e interese cara a materia</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Escoita, participación, axuda e colaboración no traballo cooperativo.</i>	

<b>ÁREA DE MATEMÁTICAS (1º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Le, conta, ordena e escribe de xeito guiado números ata o 99.		
2. Descompón e compón números naturais de xeito guiado, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.		
3. Realiza cálculos numéricos básicos coas operacións de suma e de resta na resolución de problemas contextualizados (sen levadas)		
4. Mide e realiza comparacións sinxelas de magnitudes con axuda (peso, lonxitude, tempo)		
5. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo: día, semana, ano.		
6. Coñece moedas e billetes correntes do sistema monetario		
7. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.		
8. Recoñece formas xeométricas básicas en obxectos da contorna: triángulo, círculo, cadrado e rectángulo.		
9. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.		
10. Rexistra datos sinxelos en representacións gráficas básicas		
11. Adquisición de coñecementos matemáticos a través de xogos variados.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión e colocación adecuada da numeración e do valor das cifras en cada número.</i>	<b>50%</b>
	<i>Expresión oral e escrita dos coñecementos adquiridos.</i>	
	<i>Resolución dos problemas propostos.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual (análise do dossier de clase).</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude e interese cara a materia</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Escoita, participación, axuda e colaboración no traballo cooperativo.</i>	

<b>ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA (1º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Participa en experimentos guiados		
2. Recoñece e representa as partes principais do seu corpo (cabeza, tronco e extremidades) e características destacables en cada unha delas.		
3. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada, o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.		
4. Identifica e describe con criterios elementais algúns animais e plantas da súa contorna.		

5. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.		
6. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.		
7. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión oral, escrita e plástica dos coñecementos adquiridos.</i>	<b>50%</b>
	<i>Observación e explicación dos acontecementos da realidade referidos aos temas traballados.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual (análise do dossier de clase).</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude e interese cara a materia</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Escoita, participación, axuda e colaboración no traballo cooperativo.</i>	

**ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS (1º EP)  
CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN**

1. Participa en experimentos pautados.		
2. Realiza predicións sobre fenómenos estudados.		
3. Describe as características principais do aire e da auga. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.		
4. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.		
5. Identifica as relacións de parentesco básicas, discrimina os roles familiares e reconece a necesidade dun reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. Explica unha árbore xenealóxica sinxela da súa familia.		
6. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.		
7. Identifica as normas viarias básicas.		
8. Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.		
9. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano con axuda e diferencia as estacións segundo as súas características.		
10. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión oral, escrita e plástica dos coñecementos adquiridos.</i>	<b>50%</b>
	<i>Observación e explicación dos acontecementos da realidade referidos aos temas traballados.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual (análise do dossier de clase).</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude e interese cara a materia</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Escoita, participación, axuda e colaboración no traballo cooperativo.</i>	

**ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (1º EP)  
CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN**

1. Respecta as diferentes propostas artísticas plásticas e visuais con actitude positiva.		
2. Identifica e experimenta con materiais, elementos, soportes e técnicas básicas da expresión plástica e		

visual.		
3. Valora a importancia da limpeza , do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.		
4. Manifesta respecto cara as propostas artísticas e audiovisuais.		
5. Valora e amosa interese pola elaboración de produtos audiovisuais.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión plástica dos coñecementos adquiridos e da observación da realidade referidos aos temas traballados.</i>	<b>50%</b>
	<i>Observación e explicación dos acontecementos da realidade referidos aos temas traballados.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual (análise do dossier de clase).</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude e interese cara a materia</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Escoita, participación, axuda e colaboración no traballo cooperativo.</i>	

<b>ÁREA DE MUSICA E DANZA (1º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Discrimina auditivamente os sons do seu ámbito máis próximo diferenciando entre son, silencio e ruído.		
2. Utiliza os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.		
3. Manifesta respecto na creación e interpretación de propostas artísticas , musicais,escénicas e performativas.		
4. Utiliza as posibilidades sonoras do propio corpo.		
5. Identifica os instrumentos de pequena percusión.		
6. Coñece e descodifica as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.		
7. Utiliza o corpo como medio de expresión musical a través da danza e a expresión corporal.		
<i>Superación dos obxectivos de carácter práctico.</i>		<b>50%</b>
<i>Valoración da actitude persoal de superación, esforzo e responsabilidade ante as actividades programadas.</i>		<b>30%</b>
<i>Superación dos obxectivos programados referidos aos aspectos teóricos.</i>		<b>20%</b>

<b>ÁREA DE INGLÉS (1º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais sinxelos sobre temas cotiáns.		
2. Expresa de forma oral frases curtas e sinxelas sobre información persoal e temas relacionados coa vida diaria.		
3. Emprega fórmulas de cortesía como saúdos, agradecemento e respostas a preguntas básicas para a comunicación.		
4. Comprende o sentido global dun texto sinxelo.		
5. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.		
6. Compara e contraste diferenzas e similitudes entre distintas linguas de forma guiada.		
7. Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer elementos culturais e lingüísticos elementais.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados.</i>		<b>50%</b>
<i>Participación nas actividades ou proxectos propostos na aula usando como vehículo de</i>		<b>30%</b>

<i>comunicación a lingua estranxeira.</i>	
<i>Actitude e interese cara ao traballo na aula e á lingua estranxeira.</i>	<b>20%</b>

<b>ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA (1º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos que xorden nas actividades e xogos de xeito razoable: participa nos xogos sen crear situacións conflitivas e cando aparece algún conflito soluciónao con comprensión.	
2. Participa activamente nas actividades propostas: ten unha actitude positiva nas diversas actividades realizadas.	
3. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda: é quen de aceptar ao compañeiro/a que lle toca de maneira aleatoria.	
4. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos/as da clase: case nunca discrimina aos seus compañeiros/as.	
5. Coñece e identifica as principais partes do seu corpo. É quen de sinalar no seu corpo: cabeza e as súas partes (nariz, orellas, cellas..) ombros, brazos, barriga, costas, pernas, pés.	
6. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio: realiza os desprazamentos básicos cara adiante e cara atrás e algúns desprazamentos complexos e proba a habilidade de desprazamento en situacións sinxelas e tamén sobre un apoio.	
7. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía: trae a roupa deportiva, aséase e cámbiase de roupa ao finalizar a sesión respectando as normas do vestiario. Neste curso a ducha non será obrigatoria.	
8. Practica xogos libres e xogos organizados: practica e participa en xogos libres e organizados e coñece algunha das súas características e diferenzas.	
<i>Valoración do grao de realización das actividades realizadas na aula, tanto individuais como grupais (xogos, tarefas, exercicios, etc.): Ámbito cognitivo, Nivel de execución e Competencia motriz do alumnado.</i>	<b>50%</b>
<i>Valoración da actitude amosada nas diferentes sesións: Participación, Colaboración, Hábitos de traballo, Interese, Esfuerzo persoal e superación, Respecto e Aceptación das normas da clase e Respecto das regras dos xogos e actividades.</i>	<b>30%</b>
<i>Asistencia á clase coa indumentaria axeitada (roupa e calzado deportivo, material de hixiene e aseo).</i>	<b>20%</b>
<i>Valoración da realización dun correcto aseo persoal dentro dos vestiarios.</i>	

<b>ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA (1º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Amósase respectuoso e colaborador cos seus compañeiros, e valora as aportacións de cada un deles a o traballo grupal.	
2. Implicase nas tarefas que se propoñen na aula e esforzase na realización das mesmas.	
3. É coidadoso na presentación dos seus traballos.	
4. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús en relación no Nadal e a Pascua.	
<i>Traballo realizado na aula e afán de superación.</i>	<b>40%</b>
<i>Actitude xeral e de escoita activa.</i>	<b>30%</b>
<i>Participación e colaboración nas propostas de traballo en equipo.</i>	<b>30%</b>

<b>PROXECTO COMPETENCIAL (1º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Suxire temáticas diversas e próximas para a realización do(s) proxecto(s).		
2. Sinala recursos accesibles para o seu deseño e implementación		
3. Executa as actuacións fixadas segundo a planificación		
4. Recoñece o produto final e emprega a lingua verbal e non verbal para comunicalo.		
5. Identifica e comunica as súas emocións.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión oral, escrita e plástica dos coñecementos adquiridos.</i>	<b>50%</b>
	<i>Observación e explicación dos acontecementos da realidade referidos aos temas traballados.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual (análise do dossier de clase).</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude e interese cara a materia</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Escoita, participación, axuda e colaboración no traballo cooperativo.</i>	

### C) 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA E LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (2º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Recoñece as diferentes linguas empregadas na súa contorna e mostra interese e respecto por elas.		
2. Interésase pola expresión oral nas dúas linguas e por aumentar o seu vocabulario.		
3. Participa en interaccións orais cunha secuencia oral coherente e vocabulario axeitado		
4. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinión respectando as quenadas de palabra cunha pronunciación e dición axeitada ao seu nivel.		
5. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cancións e xogos orais.		
6. Le en voz alta diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.		
7. Comprende a información relevante de textos escrito sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á súa experiencia		
8. Produce textos moi sinxelos con coherencia xeral		
9. Produce textos moi sinxelos aplicando regras ortográficas básicas: uso maiúscula, punto, coma enumerativa e signos de interrogación.		
10. Utiliza de xeito intuitivo as categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo, aplicando as normas de concordancia na expresión oral e escrita.		
11. Utiliza adecuadamente a biblioteca escolar		
12. Aprecia e valorar textos literarios sinxelos en calquera lingua como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e recurso de lecer persoal.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión adecuada deses contidos atendendo á caligrafía e ás normas ortográficas.</i>	<b>50%</b>
	<i>Expresión oral correcta dos coñecementos adquiridos.</i>	
	<i>Lectura comprensiva e expresión oral ou escrita axeitada.</i>	

<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual.</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude cara a área</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Axuda e colaboración cara os seus compañeiros e compañeiras.</i>	
	<i>Escoita e participación activa: traballo cooperativo.</i>	

**ÁREA DE MATEMÁTICAS (2º EP)  
CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN**

1. Le, escribe e ordena de xeito guiado números ata o 999.		
2. Utiliza os números ordinais en contextos reais.		
3. Realiza cálculos numéricos ata 3 cifras coas operacións de suma e resta con levadas de xeito guiado		
4. Resolve problemas sinxelos da súa realidade inmediata adaptados ao seu nivel.		
5. Coñece e utiliza algunhas medidas de lonxitude, capacidade e masa.		
6. Coñece e emprega medidas de tempo: horas, días, meses, estacións.		
7. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais (en punto e media) e resolve problemas sinxelos con horas exactas.		
8. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas con axuda.		
9. Recoñece diferentes tipos de polígonos (rectángulo, triángulo, cadrado e círculo) e corpos (cubo e esfera) en obxectos do entorno inmediato.		
10. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas próximas á súa realidade.		
11. Reforzo de coñecementos matemáticos con xogos variados.		
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<i>Expresión e colocación adecuada da numeración e do valor das cifras en cada número.</i>	<b>50%</b>
	<i>Expresión oral e escrita dos coñecementos adquiridos.</i>	
	<i>Resolución dos problemas propostos.</i>	
<i>Realización das tarefas</i>	<i>Traballo individual.</i>	<b>30%</b>
	<i>Traballo en grupo.</i>	
<i>Actitude cara a área</i>	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	<b>20%</b>
	<i>Axuda e colaboración cara os seus compañeiros e compañeiras.</i>	
	<i>Escoita e participación activa: traballo cooperativo</i>	

**ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA (2º EP)  
CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN**

1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
2. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
3. Identifica e describe as funcións vitais do corpo humano e algunhas das partes básicas implicadas.
4. Relaciona a vida saudable coa hixiene, exercicio físico, descanso, adecuada alimentación e tempo de lecer.
5. Identifica, describe e clasifica algúns animais e plantas do seu contorno.
6. Identifica distintos tipos de plantas, as súas partes principais dalgunha planta e identifica algunha



forma de reprodución.		
7. Identifica distintos materiais con algunhas das súas propiedades.		
8. Reduce, reutiliza e recicla adecuadamente os residuos na escola.		
9. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.		
10. Recoñece os compoñentes básicos dun ordenador.		
Coñecemento dos contidos traballados	<i>Expresión oral, escrita e plástica dos coñecementos adquiridos.</i>	50%
	<i>Observación e explicación dos acontecementos da realidade referidos aos temas traballados.</i>	
Realización das tarefas	<i>Traballo individual</i>	30%
	<i>Traballo en grupo</i>	
Actitude cara a área	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	20%
	<i>Axuda e colaboración cara os seus compañeiros e compañeiras.</i>	
	<i>Escoita e participación activa: traballo cooperativo</i>	

**ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS (2º EP)  
CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN**

1. Comunica resultados das observacións de fenómenos estudados.		
2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación		
3. Nomea elementos principais dos ecosistemas: auga e os seus usos, e realiza un uso responsable dela.		
4. Identifica os lugares onde hai auga na contorna: doce ou salgada (lagos, ríos, mares) con axuda.		
5. Clasifica a partir de imaxes diferentes tipos de paisaxe: natural/ urbana, de costa/interior, máis próxima, e practica accións positivas para a súa protección.		
6. Recoñece os elementos xeográficos básicos da contorna: Monte e Serra do Galiñeiro e Río e Encoro de Zamáns.		
7. Recoñece, identifica e describe as principais profesións que desempeñan as persoas da contorna, desbotando estereotipos de xénero.		
8. Identifica a organización social do concello: alcalde, concelleiros e servizos básicos (bombeiros, policía, ambulatorio...).		
9. Explica oralmente algunhas manifestacións culturais: festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade.		
10. Identifica algúns dos medios de transporte máis comúns e valorar o seu uso, respectando as normas básicas de seguridade viaria.		
11. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos.		
12. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.		
Coñecemento dos contidos traballados	<i>Expresión oral, escrita e plástica dos coñecementos adquiridos.</i>	50%
	<i>Observación e explicación dos acontecementos da realidade referidos aos temas traballados.</i>	
Realización das tarefas	<i>Traballo individual.</i>	30%
	<i>Traballo en grupo.</i>	
Actitude cara a área	<i>Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada.</i>	30%

	<i>Axuda e colaboración cara os seus compañeiros e compañeiras.</i>	
	<i>Escoita e participación activa: traballo cooperativo.</i>	

<b>ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (2º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1.	Respecta as diferentes propostas artísticas plásticas e visuais con actitude positiva.
2.	Identifica e experimenta con materiais, elementos, soportes e técnicas básicas da expresión plástica e visual.
3.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
4.	Manifesta respecto cara as propostas artísticas e audiovisuais.
5.	Valora e amosa interese pola elaboración de produtos audiovisuais.
6.	Realiza composicións artísticas coas destrezas de coreado, repaso, recortado e pegado con precisión e limpeza, utilizando diferentes cores, técnicas, texturas e formas.
7.	Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.
8.	Coida o material e respecta as normas preestablecidas.
9.	Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.
	<i>Actividades realizadas na aula, tanto individuais como grupais</i> <span style="float: right;"><b>50%</b></span>
	<i>Estratexias empregadas para desenvolver as actividades propostas</i> <span style="float: right;"><b>30%</b></span>
	<i>Actitude amosada ante a materia, interese, colaboración, escoita e participación, traballo cooperativo.</i> <span style="float: right;"><b>20%</b></span>

<b>ÁREA DE MUSICA E DANZA (2º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1.	Recoñece e discrimina auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
2.	Identifica diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e retrouso, e ostinato rítmico.
3.	Identifica e describe o son das distintas voces e instrumentos.
4.	Vocaliza, respira e articula correctamente nas interpretacións vocais.
5.	Utiliza a voz como medio de expresión.
6.	Explora as cualidades sonoras de instrumentos de pequena percusión e de instrumentos de láminas.
7.	Goza coa música e todo o que a rodea nas interpretacións musicais, escénicas e performativas.
8.	Utiliza o corpo como instrumento adecuando os seus movementos ao ritmo, ao espazo e á coordinación.
	<i>Superación dos obxectivos de carácter práctico.</i> <span style="float: right;"><b>50%</b></span>
	<i>Valoración da actitude persoal de superación, esforzo e responsabilidade ante as actividades programadas.</i> <span style="float: right;"><b>25%</b></span>
	<i>Superación dos obxectivos programados referidos aos aspectos teóricos.</i> <span style="float: right;"><b>25%</b></span>

<b>ÁREA DE INGLÉS (2º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1.	Recoñece e interpreta palabras e expresións habituais en textos orais breves e sinxelos de relevancia persoal.
2.	Comprende a idea global en situacións comunicativas cotiás.
3.	Expresa oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos próximos ao

alumnado.	
4. Recoñece e representa de forma escrita palabras moi sinxelas empregando as asociacións máis básicas de grafía e son.	
5. Aplica estratexias extralingüísticas básicas para producir mensaxes breves e sinxelas.	
6. Imita e participa en situacións comunicativas elementais da vida diaria e de aula.	
7. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais	
8. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.	
9. Compara e contrasta, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre as distintas linguas.	
10. Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os elementos culturais e lingüísticos elementais.	
<i>Coñecemento dos contidos traballados.</i>	<b>50%</b>
<i>Participación nas actividades ou proxectos propostos na aula usando como vehículo de comunicación a lingua estranxeira.</i>	<b>30%</b>
<i>Actitude e interese cara ao traballo na aula e á lingua estranxeira.</i>	<b>20%</b>

<b>ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA (2º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable: participa nos xogos sen crear situacións conflitivas.	
2. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz: ten unha actitude positiva nas diversas actividades realizadas e intenta levar á práctica ás indicacións do mestre/a.	
3. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade: é quen de aceptar ao compañeiro/a que lle toca de maneira aleatoria e acepta a perda sen reproches.	
4. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos/as da clase: é quen de aceptar o seu corpo, o dos demais e o nivel de competencia motriz. Case nunca discrimina aos seus compañeiros/as.	
5. Coñece e identifica as partes do corpo propias e as do compañeiro/a. É quen de sinalar nos demais: cabeza e as súas partes (nariz, orellas, cellas..) ombros, brazos, barriga, costas, pernas, pés. Sinala articulacións máis importantes.	
6. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio: domina os desprazamentos básicos cara adiante e cara atrás e algúns desprazamentos complexos, dominando a habilidade de desprazamento en situacións sinxelas e tamén sobre un apoio.	
7. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía: aplica con regularidade, cometendo algunhas imprecisións, os principios básicos de aseo diario. Respecta o uso do vestiario e tamén aos seus compañeiros dentro del. Neste curso a ducha non será obrigatoria.	
8. Practica xogos libres e xogos organizados: participa en xogos libres e organizados respectando as súas regras e coñece as súas características e diferenzas.	
<i>Valoración do grao de realización das actividades realizadas na aula, tanto individuais como grupais (xogos, tarefas, exercicios, etc.): Ámbito cognitivo, Nivel de execución e Competencia motriz do alumnado.</i>	<b>50%</b>
<i>Valoración da actitude amosada nas diferentes sesións: Participación, Colaboración, Hábitos de traballo, Interese, Esfuerzo persoal e superación, Respecto e Aceptación das normas da clase e Respecto das regras dos xogos e actividades.</i>	<b>30%</b>
<i>Asistencia á clase coa indumentaria axeitada (roupa e calzado deportivo, material de hixiene e aseo).</i>	<b>20%</b>
<i>Valoración da realización dun correcto aseo persoal dentro dos vestiarios.</i>	

<b>ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA (2º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Coida a presentación das súas tarefas e implícase na realización das mesmas.	
2. Amosa actitudes de respecto e solidariedade cara os seus compañeiros.	
3. Dun xeito progresivo vai sendo cada vez máis consciente das consecuencias dos seus actos e pode anticiparse a elas, na medida das súas posibilidades.	
4. Expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.	
5. Coñece o relato do nacemento de Xesús.	
6. Coñece relatos bíblicos da Parábola do Bo Samaritano e identifica a súa mensaxe.	
<i>Traballo realizado na aula e afán de superación.</i>	<b>40%</b>
<i>Actitude xeral e de escoita activa.</i>	<b>30%</b>
<i>Participación e colaboración nas propostas de traballo en equipo.</i>	<b>30%</b>

<b>PROXECTO COMPETENCIAL (2º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Suxire temáticas diversas e próximas para a realización do(s) proxecto(s).	
2. Sinala recursos accesibles para o seu deseño e implementación	
3. Executa as actuacións fixadas segundo a planificación	
4. Recoñece o produto final e emprega a lingua verbal e non verbal para comunicalo.	
5. Identifica e comunica as súas emocións.	
<i>Actividades realizadas na aula, tanto individuais como grupais.</i>	<b>50%</b>
<i>Estratexias empregadas para desenvolver as actividades propostas.</i>	<b>30%</b>
<i>Actitude amosada ante a materia, interese, colaboración, escoita e participación, traballo cooperativo.</i>	<b>20%</b>

### **D) 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

<b>ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA E LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Sabe expresarse oralmente de forma axeitada utilizando o vocabulario básico do seu nivel e respectando as normas do intercambio comunicativo.		
2. Le con fluidez empregando a pronunciación, a entoación e o ritmo axeitados.		
3. Le en silencio un texto axeitado á súa idade e é capaz de responder oralmente e por escrito a unha serie de preguntas relacionadas con el e a facer un pequeno resumo do contido.		
4. Crea textos escritos sinxelos seguindo modelos dados: contos, descrições, receitas, instrucións, notas...		
5. Comprende mensaxes orais cun contido de interese para a súa idade e responde a preguntas sobre el ou intervéen nun debate.		
<i>Controis periódicos orais e escritos de avaliación da adquisición dos obxectivos.</i>	<b>30%</b>	
<i>Traballos feitos na clase.</i>	<i>Realización adecuada do traballo.</i>	<b>10%</b>
	<i>Organización dos materiais.</i>	<b>10%</b>

	<i>Presentación do portfolio.</i>	<b>10%</b>
	<i>Realización de proxectos, experiencias e pequenas investigacións.</i>	<b>10%</b>
<i>Traballo en equipo</i>		<b>10%</b>
<i>Valoración de actitudes na aula: actitude xeral, afán de superación, escoita, participación e colaboración.</i>		<b>10%</b>
<i>O esforzo amosado polo alumno/a ao longo do curso; é dicir, un claro interese pola área, preguntando, rectificando os erros e intentando solucionar os problemas.</i>		<b>10%</b>

<b>ÁREA DE MATEMÁTICAS (3º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Utiliza procesos de razoamento e estratexias diversas na resolución de problemas de ata dous operacións, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.		
2. Le, escribe e ordena os números naturais de ata cinco cifras.		
3. Realiza cálculos numéricos básicos coas operacións de suma (con e sen levadas), resta (con e sen levadas) e multiplicación (por unha cifra) e división (entre unha cifra).		
4. Resolve problemas da vida cotiá relacionados coas medidas de capacidade, masa e volume.		
5. Coñece e manexa os instrumentos de medida de tempo: reloxo e calendario.		
6. Clasifica polígonos atendendo ao número de lados e reconece as características básicas dos triángulos e cuadriláteros.		
7. Interpreta gráficos, mapas, planos, táboas... sinxelos para obter información.		
<i>Controis periódicos orais e escritos de avaliación da adquisición dos obxectivos.</i>		<b>30%</b>
<i>Traballos feitos na clase.</i>	<i>Realización adecuada do traballo.</i>	<b>10%</b>
	<i>Organización dos materiais.</i>	<b>10%</b>
	<i>Presentación do portfolio</i>	<b>10%</b>
	<i>Realización de proxectos, experiencias e pequenas investigacións.</i>	<b>10%</b>
<i>Traballo en equipo</i>		<b>10%</b>
<i>Valoración de actitudes na aula: actitude xeral, afán de superación, escoita, participación e colaboración.</i>		<b>10%</b>
<i>O esforzo amosado polo alumno/a ao longo do curso; é dicir, un claro interese pola área, preguntando, rectificando os erros e intentando solucionar os problemas.</i>		<b>10%</b>

<b>ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA (3º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Identifica os hábitos de alimentación, postura, hixiene e descanso máis axeitados para favorecer a saúde.		
2. Distingue os seres vivos e coñece as súas necesidades vitais.		
3. Coñece e clasifica animais, plantas atendendo a distintos criterios.		
4. Reconece a orixe dos materiais e produtos que obtenos da natureza.		
5. Coñece as partes das plantas e a súa labor na limpeza do aire.		
6. Nomea as función que realizan os alimentos no organismo.		
7. Identifica algunhas formas nas que se manifesta a enerxía e a importancia de non malgastala.		
8. Coñece a orixe dos materiais e os seus usos atendendo ás súas propiedades.		
9. Coñece algúns inventos que cambiaron a historia da humanidade.		

10. Realiza experimentos guiados sobre os distintos contidos do temario.		
11. Recoñece os pasos do método científico.		
<i>Controis periódicos orais e escritos de avaliación da adquisición dos obxectivos.</i>		<b>30%</b>
<i>Traballos feitos na clase.</i>	<i>Realización adecuada do traballo.</i>	<b>10%</b>
	<i>Organización dos materiais.</i>	<b>10%</b>
	<i>Presentación do portfolio</i>	<b>10%</b>
	<i>Realización de proxectos, experiencias e pequenas investigacións.</i>	<b>10%</b>
<i>Traballo en equipo</i>		<b>10%</b>
<i>Valoración de actitudes na aula: actitude xeral, afán de superación, escoita, participación e colaboración.</i>		<b>10%</b>
<i>O esforzo amosado polo alumno/a ao longo do curso; é dicir, un claro interese pola área, preguntando, rectificando os erros e intentando solucionar os problemas.</i>		<b>10%</b>

<b>ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS (3º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1. Identifica e describe os principais usos que facemos as persoas dos recursos naturais e comprende a importancia de non malgastalos.		
2. Valora o feito de formar parte dunha familia e dunha comunidade e comprende a importancia de ter unhas normas para que ambas funcionen correctamente.		
3. Identifica os principais elementos que configuran a paisaxe rural e urbana, de costa e de montaña.		
4. Interpreta mapas e planos sinxelos e obtén a información que precisa.		
5. Coñece os astros que forman o Sistema Solar e as relacións existentes entre eles.		
6. Comprende o concepto de contaminación e a importancia de coidar o planeta.		
7. Clasifica oficios atendendo ao sector ao que pertencen e valora a importancia de todos eles no desenvolvemento da vida diaria.		
8. Ordena temporalmente os feitos históricos máis relevantes ocorridos ao longo da historia e coñece as características principais da Prehistoria en Galicia.		
9. Amosa interese por coñecer os modos de vida e as manifestacións artísticas e culturais de épocas pasadas.		
<i>Controis periódicos orais e escritos de avaliación da adquisición dos obxectivos.</i>		<b>30%</b>
<i>Traballos feitos na clase.</i>	<i>Realización adecuada do traballo.</i>	<b>10%</b>
	<i>Organización dos materiais.</i>	<b>10%</b>
	<i>Presentación do portfolio</i>	<b>10%</b>
	<i>Realización de proxectos, experiencias e pequenas investigacións.</i>	<b>10%</b>
<i>Traballo en equipo</i>		<b>10%</b>
<i>Valoración de actitudes na aula: actitude xeral, afán de superación, escoita, participación e colaboración.</i>		<b>10%</b>
<i>O esforzo amosado polo alumno/a ao longo do curso; é dicir, un claro interese pola área, preguntando, rectificando os erros e intentando solucionar os problemas.</i>		<b>10%</b>

<b>ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (3º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Crea composicións artísticas con distintos materiais.	
2. Emprega as distintas formas de expresión plástica dominando a súa técnica: collages, recortables,	

debuxo libre, copias, recheo con cores...	
3. Valora o patrimonio artístico de diferentes épocas e estilos.	
4. Coñece as mesturas de cores primarias e secundarias.	
<i>Traballos feitos na clase.</i>	<b>50%</b>
<i>Actitude e interese cara o traballo.</i>	<b>25%</b>
<i>Traballo en equipo</i>	<b>25%</b>

<b>ÁREA DE MUSICA E DANZA (3º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Valora a música como medio de expresión e de relación entre as persoas.	
2. Fomenta a actitude de escoita e o respecto polo silencio.	
3. Recoñece e discrimina auditivamente as calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.	
4. Identifica os distintos tipos de voces na audición de obras vocais: masculina, feminina e voces brancas.	
5. Explora as calidades sonoras de diferentes materiais poñendo atención aos distintos timbres.	
6. Explora as calidades sonoras da voz na interpretación e a improvisación vocal.	
7. Desenvolve o canto en grupo en monodia e introducir a polifonía co canon melódico.	
8. Clasifica os diferentes instrumentos por familias: corda, vento e percusión.	
9. Experimenta e explora a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, a danza, dramatización e coa representación teatral , como medio de diversión e expresión.	
<i>Superación dos obxectivos de carácter práctico.</i>	<b>50%</b>
<i>Valoración da actitude persoal de superación, esforzo e responsabilidade ante as actividades programadas.</i>	<b>25%</b>
<i>Superación dos obxectivos programados referidos aos aspectos teóricos.</i>	<b>25%</b>

<b>ÁREA DE INGLÉS (3º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Recoñece e interpreta o sentido global e de palabras e frases traballadas e textos de tipoloxía variada.	
2. Aplica estratexias en situacións comunicativas habituais para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos.	
3. Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns empregando recursos verbais e non verbais.	
4. Escribe palabras e frases moi breves e sinxelas empregando as asociacións de grafía e son traballadas.	
5. Participa en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información.	
6. Emprega fórmulas de cortesía adecuadas a cada situación.	
7. Interpreta e explica información básica de forma guiada apoiándose en diversos recursos e soportes.	
8. Compara e contrasta similitudes e diferenzas entre as distintas linguas.	
9. Actúa con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas.	
10. Recoñece e aprecia a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países de fala inglesa mostrando interese por coñecer elementos culturais e lingüísticos elementais.	
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	<b>50%</b>

<i>Participación nas actividades propostas na aula usando como vehículo de comunicación a lingua estranxeira.</i>	<b>30%</b>
<i>Actitude e interese cara ao traballo na aula e á lingua estranxeira.</i>	<b>20%</b>

<b>ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA (3º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable: habitualmente emprega o diálogo para solucionar os conflitos que xorden nas actividades e xogos (escoita e cede).	
2. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz: ten unha actitude positiva nas diversas actividades realizadas e intenta levar á práctica ás indicacións do mestre/a.	
3. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade: é quen de aceptar ao compañeiro/a que lle toca de maneira aleatoria e acepta a perda sen reproches.	
4. Desenvolve as seguintes habilidades motrices: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo- temporais. Leva a cabo habilidade de desprazamento en situacións de dificultade crecente, con boa orientación espacial.</li> <li>• Leva a cabo a habilidade de salto vertical e horizontal e non soe ter problemas na orientación e na perda do equilibrio.</li> <li>• Lanza pelotas cunha traxectoria intencionada aínda que ás veces non consiga o seu obxectivo.</li> <li>• Realiza a habilidade de xiro lonxitudinal e transversal, mostrando dominio en superficies duras e en ocasións mostra dificultades na orientación ao realizalo na colchoneta tumbado. Dificultades na orientación no inicio do xiro sobre o eixo antero- posterior.</li> <li>• Iníciase no apoio invertido.</li> </ul>	
5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade: é quen de aceptar ao compañeiro/a que lle toca de maneira aleatoria e acepta a perda sen reproches.	
6. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos/as da clase: case nunca discrimina aos compañeiros/as polo seu aspecto físico nin polas súas capacidades motrices, expresivas ou rítmicas.	
7. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. É quen de sinalar nos demais e en si mesmo: cabeza e as súas partes (nariz, orellas, cellas..) ombros, brazos, barriga, espalda, pernas, pés. Sinala articulacións máis importantes.	
<b>ÁREA DE INGLÉS (6º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Recoñece, interpreta e analiza o sentido global e partes específicas en textos de tipoloxía variada.	
2. Aplica estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás para captar o sentido global e e procesar informacións explícitas.	
3. Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, empregando recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente.	
4. Organiza e redacta textos breves e sinxelos usando estruturas e léxico básicos e de uso común.	
5. Planifica e participa en situacións interactivas de intercambio breve de información apoiándose en elementos extralingüísticos como a linguaxe corporal, o ritmo e a entoación.	
6. Organiza e emprega fórmulas de cortesía adecuadas ao momento, situación e contexto.	
7. Infíre e explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas e distintas situacións comunicativas.	
8. Aplica estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída.	
9. Compara e contrasta similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	
10. Actúa con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre linguas e mostrando rexeitamento ante discriminacións e prexuízos.	
11. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística dos países de fala inglesa, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	
<i>Coñecemento dos contidos traballados</i>	50%
<i>Participación nas actividades propostas na aula usando como vehículo de comunicación a lingua estranxeira.</i>	30%
<i>Actitude e interese cara ao traballo na aula e á lingua estranxeira.</i>	20%

<b>ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA (6º EP)</b> <b>CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva ou nos espectáculos deportivos: participa nos xogos sen crear situacións conflitivas e de darse o caso, intenta solucionarlos e mediar ante os demais.	
2. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz: ten unha actitude positiva nas diversas actividades realizadas e intenta levar á práctica ás indicacións do mestre/a. Manifesta ocasionalmente actitudes de autosuperación e perseverancia para a consecución de logros.	
3. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade: respecta ao rival cando gaña e cando perde.	
4. Desenvolve as seguintes habilidades motrices: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Combina os desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións e equilibrios para a realización de circuitos que desenvolvan ditas habilidades.</li> </ul>	
5. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos/as da clase: non discrimina aos compañeiros/as polo seu aspecto físico nin polas súas capacidades motrices, expresivas ou rítmicas. É quen de aceptar o seu corpo e o nivel de competencia motriz e a dos compañeiros/as.	
6. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo: trae o material para ducharse (muda limpa) e é quen de ducharse co seu grupo dentro do vestiario precisando axuda mínima. Respecta o uso do vestiario e tamén aos seus compañeiros dentro del. Neste curso a ducha será obrigatoria de haber espazo suficiente nos vestiarios.	



7. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática: realiza exercicios de quecementos de maneira autónoma sen indicacións do profesor/a.	
8. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios: identifica, sen axuda do profesor/a, o seu ritmo cardíaco a través da toma de pulsacións en diferentes zonas do corpo e saca conclusións sobre a velocidade, a resistencia, a forza e a flexibilidade identificando exercicios que desenvolvan ditas capacidades.	
9. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición: elixe, seguindo as instrucións do mestre/a, estratexias apropiadas de cooperación e de oposición, para a resolución de situacións motrices de carácter individual e colectivo.	
<i>Valoración do grao de realización das actividades realizadas na aula, tanto individuais como grupais (xogos, tarefas, exercicios, etc.): Ámbito cognitivo, Nivel de execución e Competencia motriz do alumnado.</i>	<b>50%</b>
<i>Valoración da actitude amosada nas diferentes sesións: Participación, Colaboración, Hábitos de traballo, Interese, Esfuerzo persoal e superación, Respecto e Aceptación das normas da clase e Respecto das regras dos xogos e actividades.</i>	<b>30%</b>
<i>Asistencia á clase coa indumentaria axeitada (roupa e calzado deportivo, material de hixiene e aseo).</i>	<b>20%</b>
<i>Valoración da realización dun correcto aseo persoal dentro dos vestiarios.</i>	

<b>ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA (6º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Amósase respectuoso e colaborador cos seus compañeiros de aula, valorando positivamente as súas aportacións ao grupo.	
2. Ten actitudes de respecto cara outras relixións ou ideoloxías do noso contorno, apreciando positivamente as súas aportacións.	
3. É capaz de amosar a súa desconformidade nun debate, de xeito crítico, responsable e respectuoso cara as opinións dos demais.	
4. Esfórzase na realización das tarefas formuladas e é coidadoso na súa presentación.	
5. Identifica as épocas máis importantes da historia de Israel: Época dos Patriarcas, Época dos Reis, Escisión dos Reinos de Israel, os Profetas, Xesús e xurdimento do cristianismo.	
<i>Traballo realizado na aula e afán de superación.</i>	<b>40%</b>
<i>Actitude xeral e de escoita activa.</i>	<b>30%</b>
<i>Participación e colaboración nas propostas de traballo en equipo.</i>	<b>30%</b>

<b>PROXECTO COMPETENCIAL (6º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>	
1. Identifica, recolle e selecciona a información que se precisa para a realización do proxecto.	
2. Emprega, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución do proxecto.	
3. Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio para presentar o proxecto e os produtos finais obtidos.	
<i>Realización do traballo en clase</i>	<i>Realización adecuada do traballo. Organización, orde e coidado dos materiais. Presentación con limpeza, orde, coherencia... dos traballos de aula. Realización de proxectos, experiencias e pequenas investigacións.</i>
	<b>75%</b>

	<i>Controis, test... orais e/ou escritos.</i>	
<i>Traballo en equipo</i>		10%
<i>Valoración de actitudes na aula: actitude xeral, afán de superación, puntualidade na entrega dos traballos, escoita, participación e colaboración.</i>		10%
<i>O esforzo amosado polo alumno/a ao longo do curso; é dicir, un claro interese pola área, preguntando, rectificando os erros e intentando solucionar os problemas.</i>		5%

<b>EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ETICOS (6º EP) CRITERIOS MÍNIMOS E DE CUALIFICACIÓN</b>		
1.	Identificar e expresar as súas emocións, pensamentos, sentimentos, ideas, desexos... valorándose a si mesmo e amosando confianza nas súas propias capacidades.	
2.	Ser capaz de interactuar cos demais adoptando unha actitude respectuosa, inclusiva e cívica.	
3.	Ser capaz de xestionar as súas emocións, sentimentos e pensamentos, adoptando distintas estratexias para canalizalos.	
4.	Reflexionar e adoptar un espírito crítico ante distintas situacións e realidades que acontecen no mundo (emigración, violencia, guerras, desigualdade, machismo...)	
5.	Ser consciente da importancia da protección da vida no planeta, adoptando unha actitude crítica e identificando distintas medidas e estratexias que impliquen un desenvolvemento sostible, un consumo responsable e unha adecuada redución e xestión de residuos.	
<i>Realización do traballo en clase</i>	<i>Realización adecuada do traballo. Organización, orde e coidado dos materiais. Presentación con limpeza, orde, coherencia... dos traballos de aula. Realización de proxectos, experiencias e pequenas investigacións. Controis, test... orais e/ou escritos.</i>	70%
<i>Traballo en equipo</i>		15%
<i>Participación e implicación nas actividades propostas na aula.</i>		15%

#### **J. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**

- As programacións didácticas serán flexibles, axeitadas a cada curso e revisables en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación das programacións participará o profesorado que imparta dita área ou ámbito. O seguimento da programación didáctica realizarase principalmente en 4 momentos:
  - Ao finalizar cada unidade didáctica.
  - Trimestralmente despois de cada sesión de avaliación dos alumnos/as tendo en conta os resultados da mesma.
  - Anualmente, onde se introducirán aspectos derivados das propostas de mellora recollidas na memoria final do curso.
  - En calquera momento para introducir os cambios que se consideren necesarios.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) será a encargada de crear, aprobar e revisar tanto o modelo de centro para a confección das programacións didácticas como os indicadores de logro de avaliación das mesmas para unificar criterios.
- A CCP, ao comezo de cada curso, revisará as propostas de modificación da programación didáctica e trasladaráas aos diferentes niveis.

- Algúns dos aspectos a avaliar serán a coherencia da programación, se están os criterios de avaliación ben distribuídos ao longo dos trimestres, se os tempos e os espazos se axustan ao que se pretende conseguir, o uso da metodoloxía, a adaptación á diversidade dos alumnos/as, se conseguimos a motivación dos mesmos, a elección e o emprego dos materiais didácticos, as canles de colaboración coas familias, a concreción dos distintos planes do centro, como Plan Lector, TIC, Convivencia e Proxecto Lingüístico, etc.
- Cada mestre/a decidirá os **instrumentos de avaliación** que utilizará para levar a cabo a avaliación da súa programación. Entre outros citamos os seguintes:
  - Observación e rexistro do traballo diario (actitude, rendemento, progresos, traballo en grupo...).
  - Revisión das tarefas realizadas (organización do traballo, presentación...).
  - Participación nas actividades propostas (autonomía, toma de decisións, relación cos compañeiros/as...).
  - Exposicións individuais e en grupo.
  - Probas de avaliación (adquisición dos contidos).
  - Valoración do portfolio e do traballo en equipo.
  - Rúbricas.
  - Cuestionarios aos alumnos/as.
  - Autovaloracións do propio desenvolvemento do traballo.
  - Escalas de observación.
  - Listas de control/cotexo.
  - Análise das producións e portfolio.
  - Probas específicas, etc.
- Teranse en conta os seguintes indicadores:
  - A adaptación da programación ao grupo - clase en todos os seus elementos.
  - Seguimento da temporalización.
  - Consecución do grao mínimo dos estándares de aprendizaxe traballados.
  - As estratexias metodolóxicas.
  - Tipo de actividades empregadas.
  - Os recursos utilizados, variedade e utilidade.
  - Dificultades acaecidas.
  - A adecuación das medidas adoptadas de atención á diversidade.
  - A contribución aos diferentes plans de centro: TIC, Lector, Convivencia, PAT, Proxecto Lingüístico, Plan Xeral de Atención á Diversidade...
  - Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
  - Resultados trimestrais das avaliacións.
  - Etc.
- O alumnado será consciente de que obxectivos teñen que lograr e realizará a súa autoavaliación e coavaliación. Valoraremos as súas opinións sobre o proceso educativo e contarase coas mesmas para o desenvolvemento do mesmo.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación nos ámbitos nos que se detectaron dificultades, engadindo as medidas correctoras para corrixir as dificultades.
- Utilizarase a memoria final de curso de cada titoría, especialidade e nivel para observar como foi o desenvolvemento do programado e recoller propostas de modificación se fosen precisas.
- A CCP en reunión de fin de curso recollerá os informes do profesorado e analizará os resultados.
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. A avaliación da propia práctica docente do profesorado, individual e en conxunto

permitirá coñecer as condicións, as relacións persoais, as coordinacións, as formas organizativas, a validez das programacións das actividades docentes, os recursos materiais e persoais utilizados, os tempos e os espazos previstos, o agrupamento do alumnado, a metodoloxía e avaliación aplicadas, etc.

- Tan importante como avaliar ao alumnado é facer unha reflexión profunda sobre a propia labor, que servirá para modificar a labor docente cando os resultados obtidos non sexan os esperados. Ao longo do curso, polo menos unha vez ao trimestre, nas reunións de ciclo, o Equipo de profesores do curso reunirse para valorar e tomar decisións sobre os aspectos que figuran na seguinte táboa:

	INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	5
<b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo					
<b>Utilización dunha metodoloxía adecuada</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.)					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos alumnos/as.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores/as.					
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aos alumnos/as.</li> <li>• Ás familias.</li> </ul>					
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe					

	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

## K. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

O Centro analizará minuciosamente a participación nos diferentes proxectos, plans e programas que vaian xurdindo segundo as necesidades e carencias que teñamos nese momento. Calquera membro do claustro de profesores/as poderá propoñelo, tendo que ser aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e logo avaliado e aprobado polo Claustro e Consello Escolar.

Para cada plan elabórase un proxecto para levar a cabo ao longo do curso e unha memoria final na que se resume as actividades que tiveron lugar.

O centro está inmerso nos seguintes plans e proxectos que imos expoñer e con perspectiva de continuación. Sempre estaremos pendentes de valorar calquera outro plan, programa ou proxecto que poida ser positivo para o Centro:

PLAN / PROGRAMA / PROXECTO	XUSTIFICACIÓN NECESIDADE	DATA DE IMPLANTACIÓN
Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)	Mantemos un itinerario de PFPP relacionado co cambio metodolóxico. Anualmente abarcamos diferentes liñas: Deseño Curricular, Escola Inclusiva Aprendizaxe Cooperativa, Aprendizaxe Cooperativa, Observación inter pares – intercentros, etc.	2018-19
Plan de Mellora de bibliotecas Escolares (PLAMBE 6)	Dinamización da Biblioteca Escolar, dotación económica para equipos, adquisición de fondos bibliográficos e creación de actividades para fomentar a lectura.	2010-11
Biblioteca Creativa	Creación dun espazo creativo na biblioteca escolar co fin de ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, no contexto das alfabetizacións múltiples.	2014-15
Proxecto EDIXGAL (5ºEP e 6ºEP)	Favorecer o desenvolvemento de proxectos integrais de educación dixital con dispoñibilidade de materiais dixitais cos que poder desenvolver a nosa concreción curricular en 5ºEP e 6ºEP. É un elemento fundamental para a consecución das competencias clave no alumnado. Promover novos métodos de ensino-aprendizaxe e o uso das TIC para traballar de xeito autónomo e en grupos, como instrumento de colaboración e de desenvolvemento de proxectos de traballo e de tarefas.	2019-20
Polos Creativos	Dotación dun equipamento especializado, cun deseño modular e innovador organizados didacticamente para o fomento da creatividade e a formación do alumnado nun contexto de	2022-23

	aprendizaxe competencial.	
Proxecto para o fomento do uso do galego	Lograr que un maior número de alumnos/as se expresen con fluidez en galego e prestixiar a nosa lingua.	2010-11
Programa de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación (ARCO)	Apoiar o alumnado para a mellora do rendemento académico e dotar ao centro dos recursos necesarios en horario lectivo. Reforzar mediante apoios o uso de metodoloxías activas e participativas.	2020-21
Contratos-Programa	Levar a cabo plans para a mellora permanente do alumnado mediante programas que favorezan a inclusión educativa, a igualdade de oportunidades, a mellora da convivencia escolar, o benestar emocional, etc.	2017-18
Repartición de Froita Fresca entre o alumnado	Adquisición de hábitos alimentarios saudables no alumnado.	2012-13

## L. COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS.

### MECANISMOS PARA FAVORECER A COORDINACIÓN ENTRE CICLOS E ETAPAS:

A nova lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro (LOMLOE) establece dentro dos principios pedagóxicos da etapa EI (art.14) que “para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva de todo o alumnado, reflectirase no desenvolvemento curricular a necesaria continuidade entre esta etapa e a Educación Primaria, o que requirirá a estreita coordinación entre o profesorado de ambas etapas.

E para poder cumprilo levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Elaborar conxuntamente, co primeiro ciclo de EP e o Departamento de Orientación, un Plan de Transición para que o poidan poñer en práctica todos aqueles/as mestres/as que impartan o curso de 1º de E.P. facilitándolle así ao noso alumnado o cambio cara a nova etapa educativa.
- Coñecemento das aulas de primaria e realización de diversas actividades de contacto para o alumnado de 6ºEI que cambia de etapa. Haberá dous momentos importantes:
  - En xuño:
    - \* Os nenos de EI farán dous patios en primaria.
    - \* Visita guiada dos nenos de primeiro aos nenos de Infantil.
  - En outubro:
    - \* Contacontos da mestra de Infantil.
- Visita do alumnado de 6ºEP ao IES Terra de Turonio (centro adscrito) no mes de maio onde realizarán unha serie de actividades programadas de toma de contacto:
  - Recibimento polo orientador/a do IES e por varios ex-alumnos/as do CEIP Serra Vincios que na actualidade cursan 1º ESO.
  - Visita guiada polas instalacións do instituto mediante xogos preparados polo profesorado.
  - Pequena merenda ao remate da actividade.
- Reunións entre os Departamentos de Orientación do CEIP Serra Vincios e o IES Terra de Turonio para transmitir información do alumnado de 6ºEP a finais do mes de xuño.
- Obter información sobre a situación persoal, escolar, familiar e social do alumnado que cambia de mestre/a, tanto por cambio de ciclo e/ou etapa:

- Da información do historial académico, familiar e social de cada alumno/a.
- Da observación directa dos traballos e actitudes dos alumnos/as.
- Do informe final individualizado do alumnado que remata ciclo e/ou etapa sobre o seu desenvolvemento e as súas necesidades.
- Da avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos do alumnado e partir deles.
- Da asistencia ás sesións de avaliación finais dos cursos que finalizan ciclo e/ou etapa dos titores/as que acollerán ao seu novo alumnado.
- Reunións semanais entre os diferentes equipos de coordinación pedagóxica convocados polo xefe/a de estudos.

### **M. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS).**

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á escola supón un cambio importante na súa vida, implica a saída dun mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido a outro descoñecido.

O período de adaptación supón, pois, unha serie de fases sucesivas polas que o neno/a chega a afacerse a un novo ambiente, ao medio escolar. É o intervalo temporal necesario para asimilar os cambios producidos e incorporarse á escola. Neste senso, hai que ter en conta, por unha banda, que este proceso dáse nun período de tempo que varía duns nenos/as a outros/as e temos que respectar o ritmo de cada quen. Por outra banda, é un proceso de construción interna tan fundamental que, de como se resolva, vai depender a súa actitude na escola, as súas relacións cos docentes e a calidade das súas aprendizaxes.

No proceso de adaptación están implicados: os nenos/as, as familias e os docentes da escola.

#### OBXECTIVOS DO PERIODO DE ADAPTACIÓN:

- Facilitar o cambio dun espazo coñecido (familia ou outra organización escolar) a outro ambiente con novos tipos de relacións.
- Diminuír a angustia, o medo e a ansiedade creada polo cambio de situación.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Favorecer que o neno/a descubra o gozo de estar cos demais nun ambiente estimulante.
- Colaborar e compartir información relevante entre familias e escola, para mellorar o coñecemento mutuo e a adaptación á escola.
- Xerar relacións vinculares entre nenos/as, as súas familias e o profesorado, baseándose na confianza e na profesionalidade.
- Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.

#### ACTUACIÓNS DO PROGRAMA:

##### A) Xuntanzas informativas para todas as familias nos meses de setembro e xuño.

Nestas reunións falarase de normas básicas, hábitos a desenrolar e pautas de actuación, así como, do centro e dos servizos dos que dispón.

- Xuntanza de xuño:

Realizarase unha reunión no mes de xuño coas familias dos nenos/as que se incorporarán no vindeiro curso escolar.

Nesta reunión fálaselles do que vai supoñer o período de adaptación para eles e para os seus fillos/as, as reaccións que van a observar e algunhas indicacións para que no verán se prepare a chegada dos nenos/as á escola (hábitos de sono, autonomía...), así como as quendas para poder levalo a cabo.

Algunhas das recomendacións serán, por exemplo:

- \* Falarlle ao neno/a con antelación de que vai ir á escola e que alí vaino pasar ben, terá amigos e xogos (sen idealizalo demasiado).
- \* Razoar con el cando che diga que non quere ir ao cole.
- \* O primeiro día cómpre facer as cousas con tempo, que non haxa que almorzar á presa ou vir a correr.
- \* Cumprir o horario que se vos indique dende o colexio para a entrada do neno/a e para a saída.
- \* Se o neno/a se excita, chora ou non quere entrar, tes que tranquilizarte e esperar a que o neno/a se calme.

- Xuntanza de setembro:

Na xuntanza de setembro explicaráselle aos pais/nais/titores legais como se vai desenvolver o curso escolar, cales son as normas a seguir e a dinámica de traballo cos seus fillos/as. Ademais, nesta reunión entréganselle por escrito algunha información, normas e indicacións para o curso escolar.

A esta reunión asistirá o/a titor/a.

#### B) Entrevistas individuais coas familias.

O/A orientador/a, dependendo da dispoñibilidade horaria, levará a cabo as entrevistas individuais con cada familia no mes de xuño e facilitará ao profesorado aqueles datos que se consideren significativos para o proceso de ensino-aprendizaxe.

#### C) Proceso de incorporación dos nenos/as.

Tendo en conta que o período de adaptación con esta nova lei é voluntario, consensuaremos coas familia previamente a súa posta en marcha. O ingreso será paulatino, comezará cun grupo reducido que irá aumentando progresivamente.

A organización da incorporación dos nenos/as á escola dependerá do/a titor/a e das características e particularidades do grupo.

Os tempos de permanencia na escola empezarán, pois, sendo máis curtos, ampliándose pouco a pouco ata conseguir o horario de 9h a 14h, de xeito que, na data que o calendario escolar o estableza, o horario sexa xa completo para todos os alumnos/as

#### AVALIACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN:

A técnica principal de avaliación do período de adaptación será a observación directa e sistemática. Algún dos instrumentos e técnicas de avaliación que se empregarán serán, por exemplo, as escalas de observación, os rexistros anecdóticos, o diario do mestre... co obxectivo de que a nosa avaliación sexa o máis sistemática e obxectiva posible.



## **N. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).**

En acordo de Claustro están aprobadas as pautas para a realización de tarefas extraescolares, por considerarse unha medida conveniente e axeitada.

Os/as alumnos/as poderán levar tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de forma moderada e en función da súa idade, nos seguintes casos:

- a) Por norma, o alumnado de 1ºEP e 2ºEP non levará tarefas extraescolares, salvo a recomendación de:
  - Ler diariamente.
  - Completar puntualmente algún traballo non rematado na aula ou de reforzo do xa feito no colexio.
  - Consultar información para activar ideas previas ao inicio dalgún tema.
  
- b) De 3ºEP a 6ºEP, o alumnado poderá realizar as seguintes tarefas extraescolares:
  - Ler ou comentar textos axeitados á súa idade.
  - Buscar información dun tema concreto para a súa posterior posta en común na aula.
  - Rematar tarefas non acabadas na aula.
  - Reforzar algún tipo de contido xa traballado previamente na aula.
  - Afianzar as temáticas tratadas na aula mediante técnicas de estudo.
  - Memorizar algún tipo de contido.
  - Visionar vídeos para activar ideas previas.

Incidir na necesaria coordinación entre o profesorado do nivel, para non saturar ao alumnado con demasiadas tarefas extraescolares nun mesmo día.

## **O. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO.**

É preciso destacar que existe unha boa colaboración entre o colectivo docente e os demais membros da comunidade educativa.

O contacto coas familias dos alumnos prodúcese día a día, especialmente nas horas dedicadas ás visitas de pais/nais, aínda que se dan facilidades para atender a aqueles que o solicitan e que por calquera circunstancia non poden acudir no día e hora sinalados a tal fin. Destacar igualmente que existe reciprocidade nesa boa relación e, habitualmente, cando se solicita a colaboración dos pais, estes non soen poñer impedimentos.

As vías que o noso centro vai activar para fortalecer esa colaboración son as seguintes:

- A través, sempre que sexa posible, do contacto directo informal nas entradas e saídas do alumnado ao centro.
- Mantendo un taboleiro de anuncios dirixido á Comunidade Escolar no que se expoñan folletos, anuncios, fotos e informacións que poidan interesar á Comunidade.
- Establecendo un contacto frecuente a través de: notas informativas, folletos ou comunicacións diversas que se envíen ás familias.
- Enviando os prescriptivos boletíns de notas trimestralmente sobre a evolución da educación dos seus fillos/as.
- Realizando as diferentes reunións coas familias.

- A través da hora semanal de atención ás familias (entrevistas, intercambiar informacións diversas, etc.).
- Realizando entrevistas individuais ás familias para consensuar actuacións específicas.
- A participación das familias en actividades extraescolares e complementarias, intervencións esporádicas en actividades específicas na aula: talleres, contacontos, etc.
- Dinamizando actividades orientadas á formación das familias: escola de pais e nais, charlas...
- Realizar xornada de portas abertas no proceso de admisión para as novas familias.
- Realizar enquisas sobre aspectos específicos: alimentación, hábitos, rutinas, etc.
- Utilizar as Tics para fortalecer a cooperación familia-escola (blogues, páxina web, AbalarMóbil, ...).
- Colaborar en actividades como a maleta viaxeira.
- Empregando a axenda, como vía de comunicación coas familias.
- Etc.

O centro conta cun Plan de Comunicación externa e interna e ten recollido os diferentes canles de comunicación coas familias e o alumnado. A continuación recolleemos aquelas máis habituais:

#### ❖ PÁXINA WEB:

O responsable do mantemento da páxina web será **o Equipo Directivo e o Equipo de Dinamización TIC**, que empregará esa canle formal para comunicacións oficiais e formais.

Terá a seguinte estrutura:

Na cabecera: Enlaces a todos os blogues de aula que dispón o colexio.

Na páxina principal aparecerán as novas máis recentes e relevantes, evitando unha navegación pesada. Deste xeito será sinxelo buscar a información máis inmediata en cada momento do curso, como poden ser os prazos e trámites de admisión, axudas de material escolar, listaxes ou datas de reunións de inicio de curso, avisos importantes, actividades recentes realizadas, etc.

Unha vez pasada a data desas comunicacións, desaparecerán da páxina principal para ser almacenadas no apartado correspondente (secretaría, conmemoracións...)

A barra lateral esquerda divídese en:

- O noso Centro: toda a información relativa ás instalacións e a quen somos e onde estamos.
- Secretaría: información sobre a forma de contactar co centro, horarios, servizos complementarios, calendario, matrícula, trámite de axudas, normas e descarga de documentos do Centro (con todos os documentos en vigor do centro (NOF, diferentes plans...)).
- Profesorado: información sobre o equipo directivo, o claustro, o consello escolar, organigrama e equipos docentes.
- Familia: toda a información da ANPA, membros, comunicados e as actividades que programan.

A barra lateral dereita divídese en:

- Titoriais de acceso ás diferentes plataformas.
- Conmemoracións: información sobre todas as actividades que coordinan os diferentes equipos con imaxes e vídeos.
- A nosa revista: publicación da nosa revista “O Xornaliño” en PDF e a súa hemeroteca.
- Biblioteca: toda a información relativa á biblioteca con enlaces ao seu blogue “Librincios”

- Publicidade con enlaces ás páxinas oficiais dos diferentes plans e programas dos que participamos.
- Programacións didácticas do profesorado.
- Departamento de orientación: información relativa ao departamento e recomendacións para as familias.
- Histórico: onde se poden consultar todas as entradas publicadas en anos anteriores.

#### ❖ ABALARMÓBIL:

Ferramenta de comunicación directa coas familias, útil para avisos xerais de centro e comunicacións de aula.

O profesorado poderá enviar unha mensaxe ás persoas responsables do alumnado, tanto de xeito individual como dun grupo completo e, opcionalmente, poderá permitir que as persoas responsables respondan á mensaxe iniciando así unha conversa con elas.

Desta forma, coas mensaxes privadas ou de difusión para grupos enviadas polo profesorado, as persoas responsables van poder comunicarse mantendo a privacidade. A única diferenza é que o profesorado vai poder personalizar os contidos, no caso da mensaxe privada, ou notificacións de interese para todo o grupo, no caso da difusión.

Pola súa parte, as mensaxes tipo sala, permiten crear novas comunicacións dirixidas ás persoas responsables do alumnado. Neste caso a selección faise por grupos completos e as respostas que se envían son visualizadas por cada integrante da sala que teña aceptado participar no chat.

Unha vez enviada a mensaxe, as persoas responsables que estean subscritas ás notificacións recibirán avisos push nos seus dispositivos móbiles.

Con estas novas funcionalidades preténdense abrir novas canles de comunicación entre o profesorado e as persoas responsables do alumnado.

Os usuarios que descarguen a aplicación van poder seguir consultando desde o seu dispositivo móbil as cualificacións, os horarios e materias, os avisos e incidencias, as faltas de conduta, así como a solicitude de citas de tutoría ou a xustificación das faltas de asistencia se o profesorado activa estas dúas funcionalidades.

Os responsables deste tipo de comunicación **serán habitualmente as titoras/es e casualmente os especialistas.**

No caso de ser empregado para facer unha **comunicación de centro** para todos os responsables do alumnado, como pode ser o caso de avisos xerais ou alertas, os responsables de realizar a comunicación **serán os membros do equipo directivo.**

O Centro colaborará coa ANPA para o envío de notificacións que necesiten realizar ás familias. Será sempre por medio do equipo directivo que se encargará de axudarlles coa comunicación.

#### ❖ CORREO ELECTRÓNICO:

Empregarase como medio de comunicación coas familias do novo alumnado matriculado no Centro mentres non teñan operativa a aplicación AbalarMóbil.

Tamén para responder ás diversas comunicacións que se realicen ao Centro, como: familias, alumnado, outros centros educativos, provedores, entidades, Concello, Consellería de Educación, etc.

As convocatorias do Consello Escolar realizaranse por esta vía, anexando as actas das sesións anteriores e a documentación pertinente da orde do día.

#### ❖ AULA VIRTUAL (3ºEP E 4ºEP) E EDIXGAL (5ºEP E 6ºEP):

Pode ser un medio de comunicación co alumnado para desenvolver as actividades formuladas en ambas plataformas.

Nas aulas que empreguen estes recursos, o alumnado vai dispoñer dunha conta persoal que lle facilitará o titor/a. O alumnado participará nun curso no que o profesorado irá presentando diversas tarefas, así como toda a información e recursos educativos necesarios para poder continuar co proceso de aprendizaxe das diferentes materias se fose preciso, permitindo ás familias facer un seguimento do proceso de ensinanza - aprendizaxe das súas fillas e fillos.

#### ❖ COMUNICACIÓNS E NOTAS:

Será un medio secundario de comunicación, xa que temos o firme propósito de reducir as realizadas en papel, se ben hai supostos nos que é necesario o seu emprego:

- *Trípticos informativos / Folletos / Revista escolar “O Xornaliño”*: ao longo do curso farase chegar ás familias diversa información como suxestións de libros de lectura, información sobre o inicio do curso, información xenérica do Centro no proceso de admisión, festival das Letras Galegas, revista escolar “O Xornaliño”, etc.
  - Responsable: equipo directivo e coordinadores/as dos diferentes equipos que os emitan (EDBE, EDLG,...).
- *Autorizacións para saídas*: nos casos de familias que non teñen a aplicación abalarmóbil.
  - Responsable: titor/a
- *Notas informativas xerais*: cando se considere que é o medio idóneo para que todas as familias reciban con precisión a información.
  - Responsable: equipo directivo.
- *Avisos de non promoción*.
  - Responsable: titor/a.
- *Os boletíns de notas*: empréganse en man ao alumnado e, en caso de ausencia, a un dos responsables cos que se concerte unha cita.
  - *Responsable*:
    - *Da impresión e da entrega dos mesmos*: titoras/es.
- *Notas doutras entidades*, preferentemente a ANPA, aínda que incluimos tamén as que envían o concello e outras asociacións.
  - Responsable:
    - Da entrega ás titoras/es en man ou no casilleiro: equipo directivo.
    - Da entrega ao alumnado: titoras/es

#### ❖ AXENDA:

Vía bidireccional de comunicación entre os mestres/as e as familias, na que se poden mandar avisos/recados/recordatorios que afecten unicamente a un alumno/a en cuestión (citas de titoría, pequenas incidencias) ou a todo o grupo (traer algo determinado a clase, datas de exames...)

Non se aconsella o seu emprego para incidencias e comunicacións formais, pois non existe a garantía de recepción por parte das familias.

Os responsables deste tipo de comunicacións serán os **mestres que decidan empregala**.

#### ❖ BLOGUES:

Son os instrumentos empregados para a difusión de actividades levadas a cabo dentro da aula polos diferentes ciclos e especialidades.

Tamén existe algún blogue relacionado cos equipos docentes e os diversos programas nos que participa o centro como a biblioteca. Os responsables da xestión dos mesmos serán os **coordinadores/dinamizadores** dos equipos e **os responsables dos programas**, que velarán por

mantelos actualizados, xa que do contrario deberá procederse ao seu peche pola sensación de abandono que provoca e a mala imaxe que se transmite.

#### ❖ TELÉFONO:

Empregarase como vía de comunicación inmediata para aquelas situacións que así o requiran, caso de enfermidades, golpes, mudas urxentes e outras incidencias que así o requiran.

As/os responsables deste tipo de comunicacións serán as titoras/es.<sup>1</sup>

En caso de urxencia chamará a persoa que se atope nese momento liberada.

#### ❖ CORREO ORDINARIO:

Aínda que está cada vez máis en desuso polo aumento de trámites electrónicos, cando sexa necesario empregar esta vía, a responsabilidade recaerá na persoa que exerza a secretaría, sexa cal sexa o departamento ou mestra/e que teña que realizar a comunicación.

As comunicacións que se realicen por correo ordinario irán en sobre pechado e cun oficio co membrete do colexio.

#### ❖ XUNTANZAS – REUNIÓN:

Haberá unha ao comezo de curso e por nivel e outra no mes de xuño para as novas familias do alumnado matriculado no proceso de admisión. Estas xuntanzas servirán para comentar coas familias aspectos xerais do curso e tamén os aspectos curriculares que se corresponden ao nivel. Ademais falarase da metodoloxía de traballo e faranse suxestións sobre hábitos de estudo, fomento da autonomía,... O guión desas xuntanzas será entregado polo equipo directivo contando co asesoramento do Departamento de Orientación. Poderá haber outras xuntanzas ao longo do curso de considerarse pertinentes.

Tamén realizaremos unha *Xornada de Portas Abertas* para as novas familias no proceso de admisión, a finais do mes de febreiro, e que constará dunha reunión informativa xeral sobre o funcionamento do Centro e dun percorrido polas instalacións.

#### ❖ TITORÍAS:

Sempre que cómpre, prográmanse entrevistas individuais das familias coas diferentes titorías, co profesorado, co orientador/a,... conxuntamente ou en individual e sempre con cita previa.

A atención aos pais/nais/titores por parte dos mestres/as titores/as será de unha hora semanal todos os martes lectivos, de 17:30h. a 18:30 h., facilitando a posibilidade de entrevista noutro horario en función das necesidades de ambas partes. Estas entrevistas terán lugar, ben a demanda do profesorado ou ben por solicitude dos pais e nais. Os aspectos prioritarios desta acción tutorial individualizada serán:

A atención aos pais/nais/titores por parte do orientador/a será chamando directamente ao teléfono 886120045 e concertando unha cita.

A atención aos pais/nais/titores por parte do equipo directivo será todos os días de 12:00h. a 14:00h. facilitando tamén a posibilidade de entrevista noutro horario en función das necesidades de ambas partes.

#### ❖ OUTRAS APLICACIÓNS:

---

<sup>1</sup> No caso de que a incidencia se dea nunha especialidade, a mestra/e especialista comunicará a mesma ao titor/a, que será quen realice a chamada ou delegue esa responsabilidade na/o especialista.

Valoraremos, no seu momento, o uso doutras aplicacións que sexan efectivas para a comunicación inmediata coas familias.

## **P. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.**

A concreción curricular será flexible. Este documento está aberto a ir complementándose, revisándose e mellorándose cada ano, reflexionando sobre o que funciona, o que non e adaptándose ás necesidades conforme a sociedade avanza.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) nas súas reunións ordinarias revisará e valorará a pertinencia de realizar cambios puntuais neste documento a raíz das propostas de calquera membro da Comunidade Educativa. No caso de que se valore a pertinencia de realizar cambios significativos, presentaranse estes ante o Claustro para a súa aprobación.

## **Q. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO DE PROFESORES E CONSELLO ESCOLAR.**

Este Plan de Concreción Curricular que figura nas páxinas anteriores a esta certificación, foi aprobado polo Claustro de Profesores/as e polo Consello Escolar en sesións ordinarias celebradas ambas o día 18 de outubro de 2022.

Este Plan de Concreción Curricular que figura nas páxinas anteriores a esta certificación, foi modificado e aprobado polo Claustro de Profesores/as e polo Consello Escolar en sesións ordinarias celebradas ambas o día 15 de outubro de 2024.

O Equipo Directivo



Xefa de Estudos  
Asdo.: Elena Paz Alonso

Director  
Asdo.: Miguel D. González Barreira

Secretaria  
Asdo.: M<sup>a</sup> José Salgado González